

Temas da nosa terra

A circunstancia do Goberno autonómico de Galiza.

O día 21 xuraba o cargo de Presidente da Xunta autonómica de Galiza o Dr. Fernández Albor, e pola tarde comunicaba á prensa a formación do seu equipo de 13 conselleiros. O espazo da súa "xura" e a composición das consellerías son unha circunstancia electoral.

Qué significa xa que logo a utilización do templo de Santo Domingo de Bonaval para o acto inaugural?

A lexitimación histórica preténdese coa ofrenda de frolas aos fillos ilustres do panteón da capela de Bonaval; entre eles hai quen non pensaban como F. Albor e quen non formulou programa nengun de goberno. Pero son figuras da Historia de Galiza e compre manexalas en favor do goberno autonómico. A falta de lexitimación actual da política, os representantes dos gobernos de Catalunya e de Euskadi, de países do mundo que sacudiron ou están a sacudir o dominio exterior, da emigración galega en Europa etc., quixo ocultarse coa presenza non realizada do ministro español Arias Salgado substituído por G. Sabell e polos tres persoais da emigración de Buenos Aires. O Sr. Millares chegou a declarar que para eles estaban cumpridas as existencias políticas precisas para traer a Galiza as cinzas de Castela, salvo claro o que teña a ben dispoñer a herdeira Dña. Taresia irmá sobrevivente. E demasiado burda a afirmación de que os obxectivos de Castela vense cumpridos na constitución da Xunta, non paga a pena deterse en evidenciar que a coincidencia ou é puramente casual nalgún caso ou é sustancialmente oposta. Se os mortos falasen a xura en Sto. Domingo de Bonaval tería acabado en combate.

E a pretendida lexitimación sacral e "xubilar" dun goberno saído dun estado non confesional non só é contraditoria senón esperpéntica. Por favor, Sres. conselleiros, se queren gañar o xubileo, dean liberdade aos presos, distribúan os capitais acumulados, esixan de quen sexa unha amnistía para os galegos golpeados polo poder e pola dureza da existencia. Ritos valeiros de nada sirven e a ningún enganar.

E co espazo as persoas seleccionadas para o poder autonómico. Nos discursos nada de referencia ás alternativas políticas dos conselleiros, a repetición monótona de intentar servir a Galiza. Como se Galiza fora un país astral sen clases sociais en pugna, sen intereses encontrados de grupos, sen presenza da absorción do capital exterior, das transnacionais, dos monopolios, dos clans familiares etc. "Non se pode servir a dous señores", lembren, Sres. da Xunta. E aí temos no candelero da Xunta a uns representantes dos que non sabemos ren da súa pertencencia a Alianza Popular, pero si sabemos da súa pertencencia ao franquismo, da súa permanencia nos postos administrativos, técnicos do poder antes do 1977. Todos moi unidos pola rede de servizos mútuos da súa clase intermediaria do poder político e bancario.

Isto compre dicilo e denunciálo. Quero lembrarlle ao lector a constatación de H. Raña ao lamentar a descomposición da II Internacional en 1914:

"a responsabilidade de Kautsky e dos outros líderes da II Internacional non consistiu en cruzarse de brazos ao chegar a Primeira Guerra Mundial, senón en non intentaren seriamente durante os anos da paz adoutrinar as masas socialdemocráticas sobre os plans claramente imperialistas da burguesía alemá e do militarismo prusiano".

Nós tratamos de alertar desde hoxe aos traballadores para que observen o colonialismo da burguesía representada na Xunta,

cartas

O FRENTE PATRIOTICO

Sr. Director:

Despois do II Congreso da UPG, por fin vese un resquicio de esperanza. Refrémase ao replantexamento que ese partido está a facer sobre o futuro do Frente (AN-PG).

Somos moitos quen desde a nosa independencia política partidaria ollamos expectantes un viro que nos permita traballar absolutamente a todos desde unha perspectiva nacionalista e popular de cara a mover algo a este país, bastante anquilosado politicamente por certo. Os partidos nacionalistas actuais tamén son peza clave para elo. Pero tal como están as cousas, ou aquí hai un Frente no que quepamos todos ou é mellor deixalo como está e como eu teño confianza, ao menos quero tela, polo ben do noso povo, de que as cousas van cambiar, pois ben, empezemos desde xa a coller todos, e sen ánimo de interrumpir o proceso que se está a levar para a celebración do Plenario da AN-PG, senón máis ben por todo o contrario, co desexo de que teñan máis elementos de xuício e dados sobre do que pensa a xente do Frente, atrevémosse a invitar a todos e todas os nacionalistas galegos para que xa individualmente, como grupo, colectivo ou partido político expoñan a súa opinión sobre o Frente mirando ao futuro e "esquecendo erros pasados e olvidando prexuízos", como moi ben dixo Francisco Carballo, e no colmo da miña osadía pediría a este periódico —e penso que ningún mellor que el— servira como cauce de expresión das posibles intervencións que aquí en adiante poideran darse sobre deste tema, tan transcendental para o futuro da nosa Pátria.

Saúdos nacionalistas.

Ramón Muñiz
Santiago

DESPIDO
DUNHA EMPREGADA
DO FOGAR
E VACIO LEGAL

Hai uns días unha traballadora do servizo doméstico recibeu a comunicación do seu despedido coa agravante que supón o non existir unhas razóns sérias e o afectar a unha xoven traballadora de 17 anos que tiña accedido ao primeiro emprego nese sector marxinal presionada, como se pode supoñer, por razóns económicas e a carência doutros postos de traballo mellor remunerados e máis dignos.

Sería pechar os ollos á realidade e enganarse, o porse a mirar con lupa os posibles erros da traballadora, facilmente correctíbeis, tendo en conta a inexperiencia e ao mesmo tempo o espírito de superación da interesada.

Moita máis responsabilidade correspóndelle á dona da casa contratante que se comprometeu libremente a pasar 9.000 pesetas por 3 horas de traballo diario, coñecedora ademais das condicións e cualidades que ten a traballadora. ¿Pensouno mellor? ¿Influíron as súas amigas ou unha longa ringleira doutras tra-

balladoras dispostas a suplir ao prezo que fora? E triste, vergoñento, e, sobor de todo, arbitrario. Esta dona da súa casa posibelmente só aprendese a lección se o seu home aparece pola porta cunha carta de despedido igualmente arbitraria e degradante.

Pero tampouco remata aí a responsabilidade. Son o Goberno e as diversas forzas sociais os principais implicados. A partir da promulgación do Estatuto dos traballadores asumiron o compromiso de artellar no espazo dun ano unha reglamentación do traballo das empregadas do fogar. Houbo varios intentos, unha vez rebasados todos os prazos e promesas fixadas por escrito, de facer público un Decreto-Lei, pero aínda seguimos a esperar, e mentras, o sector laboral, o meirande do Estado Español, vese rexido pola máis crua e arbitraria lei da oferta e da demanda.

Queremos denunciar publicamente a un Goberno e a unhas forzas sociais que non descoñecen en nengun momento por ao día as súas sostanciaosas percepcións económicas, pero, en cambio, non cumpren co prometido e fan posíbel que cidadáns, como a dona da casa a que nos vimos referindo, cometan inxusticias insultantes, e o sector de traballadoras do servizo doméstico permaneza na máis solemne indefensión.

Por outra banda, queremos facer tamén un chamamento a todas as forzas sociais para que dunha vez por sempre tomen conciencia da situación das traballadoras do fogar e presionen ao Goberno Español para que este resolva canto antes a nosa situación.

Un grupo de empregadas do fogar.

DE POLONIA
E O SOCIALISMO

Señor Vázquez Freire, despois de ler a súa análise sobre Polonia e os países do Leste, dígoille que é a maneira de entender o que está pasando en Polonia, segundo o seu parecer.

Señor Freire, o que escribe vostede é o que escriben os periódicos españois reaccionarios, e polo que observo vostede tamén é de Solidaridade, polo tanto vostede tamén é un emboscado e un asalariado como os Pilsudskianos revanchistas, encadrados nun chamado sindicato que colleu inxénuos obreiros de boa fe e que os empurrou a pedir dereitos que non ten nengun país, pero apesar das ofertas feitas polo goberno nunca quixeron nengun arranxo apesar da delicada situación na que se topaba o país e só trataban de impoñer o que lles ordenaba o amo sen máis, porque o que paga é o que dá a orden, é esa era destruír o réxime inda que fora fundindo todo; como os dirixentes tiñan a paga se-

gura, pois moitos deles aínda non se presentaron a cobrar, o que demostra que non lles fai falta o que cobraban en Polonia.

Señor Freire, vostede di que é marxista, ¿cómo é que sendo marxista está apoiando un sindicato que tiña na súa cabeceira o retrato do papa e o presidía a virxen? Pois a

min me parece unha multinacional e que vostede é un accionista.

Tamén di vostede que na URSS hai moita burocracia, e a min me parece que vostede é un gran burócrata, pois para non dicir nada encheu unha cara de A NOSA TERRA sen dicir nada concreto.

Tamén di vostede que algun día A NOSA TERRA non lle deixou escribir o que escribete agora; eu creo que o que escribe vostede o pode escribir en calquera periódico e aínda que a min non me importa que escriba, o que di en A NOSA TERRA xa o teño lido noutros con algunhas variacións, o que me dá a impresión de que vostede o copiou.

Señor Freire, di vostede que hai unha má colleita en Rusia porque hai moita burocracia e non se traballa; eu penso que vostede fala por boca de ganso, porque unha má colleita pódese ter aínda traballando moito. O campo depende moito do clima e en iso podo falar eu con máis propiedade que vostede, pois eu fun criado no campo e sigo no campo, e vostede me dá a impresión que só coñece o campo de pasara ao lado del. Por outra parte, un país como a Rusia que dispón de seis millóns de tractores no campo, me extraña que teña falta de man de obra.

Señor Vázquez Freire, vostede fai como os de Fuerza Nueva, que encheron de propaganda a cidade, dicindo simplemente, os tanques socialistas esmagan ao povo polaco; en cambio eles queren aplastarnos cos tanques do xeneral Milans del Bosch e levan matado máis xente neste país que os que morren en Polonia.

Tamén fai vostede moita apoloxia da economía de mercado, como se o mundo capitalista non estivese a punto de sufrir un colapso con tan flamante economía. Parece que vostede non está enterado que no mundo capitalista crece o paro a milleiros desde hai uns poucos de anos e pese a todas as medidas económicas sacadas dos bolsillos capitalistas, todas son un fracaso e cada día hai máis parados.

Señor Freire, no seu artigo non hai nen unha sóa palabra do que pasa en Latino-américa como se ali non pasara nada e están matando a xente a centos, pero o que paga a burocracia que se vende ao mellor postor fai o que lle mandan. Gracias polos retratos que trae encabecendo o artigo, polo menos non teñen a cara de fame con que os descrebe.

Señor Director, perone polo meu mao galego, que aínda que eu non vivo disto me gustaría saberlo ben e perdono polo traballo que lle dou.

Xosé Ferreira
VIGO

Rogámoslle aos nosos comunicantes que os seus escritos non teñan máis dun folio e máximo de 32 liñas, para poder darlle máis dinamismo á páxina.

O pasas Galiza, Ao día da tom enfront AP e U nacido A rede galegas grupo t homes centrista Menta política inestím homes Tod

"Ne (por c do ou sión o Galiza notici emisor zais es lonxar exemp aficio sar po socior car de liza pe "Pa tan lis sua ba línea Ferná do seu declar tidura tino, i prepa auton vera e vinteu (aínda dade) da ou e máis e poli de Sa máis do qu

AUSI Ao tes di cepcio que q cia ta tes. E gar d dades za, o des, e re Mund gober vinci to ao prout dente deleg quen de C o Pri nómi Presi ca X xesto atent discu conv co, i cista soais

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Empresa Xornalística Editora
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración.

Francisco Carballo Carballo, Xoaquín Acosta Beiras, Manoel María Fernández Teixeira, Santiago Esteban Radio, Xosé Paz Rodríguez, Felipe Senén López Gómez, Cipriano Jiménez Casas, Xosé Luis Fontenla Rodríguez, César Varela.

Conselleiro-Delegado.

Xoaquín Acosta Beiras.

Director.

Xosé Manoel Currás Rua.

Redacción.

Xosé Manoel Currás Rua, Alfonso Eyre, L. Labandeira, Xosé Amador.

Colaboradores.

Santi Villar, Fernando Franco, X.A. Suárez, Pablo Viz, Paco Arrizado, Domingo Prieto, Carlos Durán, Jordi Fortuny, Mugarra, A.P. Dasilva, Tino Viz, Xan Carballa, X. Marín, Xosé Lois, Carlos Rodríguez Silvar, Ernesto Noceda.

Redacción e Administración.

Dr. Cadaval, 21, 2o, Of. 11, VIGO. Tel. 22 24 05 (986).

Imprenta.

Ardatza, S.A. Polígono Eciago, 10 B. Hernani (Gipuzkoa).

Depósito Legal: SS-645/77

O AVANCE DO NACIONALISMO GALEGO: ¿COMO?

UNHA PROPOSTA PARA UN DEBATE NECESARIO

Unha proposta para un debate necesario.

O Congreso da UPG que ven de rematar o día 10 do derradeiro mes adquiriu unha especial importancia non só por celebrarse despois de dous anos preñados dunha actividade intensa que, sen dúbida, reportaría fructíferas experiencias, senón tamén porque nese intre culmina —coas eleccións ao Parlamento Autonómico Galego— formalmente o proceso de instauración do sistema democrático no noso País, tendo diverxido inda ben a situación política de cando este proceso se iniciaba, reorganizándose as clases dominantes a todos os niveis, aparecendo decididamente na escena política factores de hoxe ignorados, (desde a óptica da UPG) nun clima de crecente tensión internacional e de propaganda antisocialista utilizando, mal que nos pese, feitos reais.

Neste contexto, o esmagante peso da dereita quedou de manifesto despois da derradeira confrontación electoral, termómetro que mediou outrora un importante avance do nacionalismo e cuxos datos mostran hoxe o estancamento do mesmo, feble no seu conxunto, inda que a única esperanza para Galiza.

Neste contexto, o recorte das liberdades democráticas, a progresiva paralización social, o intento de illar as organizacións nacionalistas e progresistas están reforzados por unha correlación de forzas hostil é unha falla, no caso que nos ocupa, de saber como combater esa política, como establecer unha ponte entre a realidade presente e os desexos irrenunciábeis e indeclinábeis para que a Nosa Pátria poida ter futuro.

Quen mantivemos unha postura discrepante coas teses oficiais da U.P.G. éramos e somos tamén conscientes de que o estancamento actual non só obedece a causas externas senón tamén internas, que descansan en concepcións políticas e organizativas que, sendo válidas noutros contextos ou noutras épocas teñen demostrado a súa ineficacia e inadecuación ao longo destes anos.

Sen pretender "inventar" nada, o noso esforzo estivo e está destinado a profundizar na vía política, única válida neste contexto, correxíndoa e matizándoa para non ter, quizais, que inventar a realidade e o País ou, caer en contradicións entre o que se postula e o que se fai, sen aclarar realmente por onde e onde se quere ir.

1.- O carácter colonial de Galiza.


Galiza é unha nación integrada nun Estado plurinacional, o Estado Español, sometida a unha opresión de carácter colonial por parte das clases dominantes do Estado. A nosa dependencia cinguese efectivamente a unha explotación económica así como á opresión cultural e á carencia de Soberanía Política, os demais aspectos tipicamente coloniais están ausentes no noso caso. Isto, xunto co contexto en que nos situamos, histórica, cultural e xeopoliticamente, coa formación social galega, coa evolución concreta do noso povo, alónxanos de calquera modelo colonial clásico ou tercermundista e, xa que logo, dos seus esquemas de organización e de acción política populares para a liberación nacional.

2.- Papel da democracia neste contexto.

A democracia é o resultado histórico da loita popular durante séculos; é unha conquista política e social irrenunciábel. E certo que a democracia como sistema político acompaña na súa instauración ao ascenso da burguesía como clase dominante, conlevando que esta, na defensa dos seus intereses de clase, tente adaptar o sistema democrático ás súas necesidades, chegando mesmo a suprimilo pola forza cando lle compe. Portanto, na democracia burguesa, as liberdades civís aparecen, para as clases populares, limitadas, mediatizadas, desvirtuadas. E tarefa, pois, da clase obreira, das clases populares, da política marxista, defender as liberdades, ampliar a democracia, extendela a todo o povo, neutralizando á burguesía imperialista polo través da loita de clases e o control do Estado. Isto supón, de feito, a destrución do Estado burgués e a instauración da democracia socialista, democracia moito máis completa para os traballadores que a democracia burguesa.

3.- A democracia española: o marco constitucional e autonómico.

A transición á democracia como resultado das necesidades das clases dominantes e da loita nacional e presión popular foi hexemonizada polas clases e forzas dominantes do Estado, tendo como expresión política fundamental o Texto Constitucional do 78 que é o reflexo da correlación de forzas existentes. A Constitución sintetiza esa correlación e demarca a forma e contido do novo réxime: un Estado unitario e un sistema demo-



crático-burgués, inequivocamente españolista e, xa que logo, negador dos instrumentos políticos e económicos para dar solución aos problemas de Galiza.

O proceso descrito, crea unha nova situación cun marco político de actuación que nós debemos e imos utilizar, marco inevitablemente elvado (liberdades civís limitadas, modelo económico político e social imperialista), pero que, quérase ou non, é o único terreo para actuar eficazmente, no proceso de transformación da nosa sociedade e na conquista do autogoberno. O noso combate e actuación política e social debe pois darse neste marco político, sen que iso signifique que esteamos dacordo con moitos aspectos da súa formulación legal actual. A construción do socialismo e a conquista da Soberanía Nacional en Galiza, só pode ser realizábel e críbel no contexto da correlación de forzas internas, no Estado e a nivel internacional, estando o noso proceso ligado ao proceso revolucionario en todo o Estado e senso só posíbel polo través da loita política e económica e da vía política e democrática cara construír a hexemonía do nacionalismo, aproveitando as canles que se ofrecen, o que non supón dar por válido o Sistema.

Impónse pois a necesidade incontestábel de utilizar o marco autonómico non para desvirtualo nen desestabilizalo, (a posibilidade dun estrepitoso fracaso do Estatuto e/ou a súa inviolabilización iría unido a un estancamento, cando non a unha indubidábel involución, do proceso democrático apenas iniciado no Estado, e, xa que logo, retardatario para o proceso de avance do Socialismo e do Nacionalismo), senón para utilizalo nunha dobre vía: evidenciar a súa cortadeira para dar solución aos problemas do País, esixindo máis competencias e denunciando as cortapisas do Goberno Español (LOAPA), e na de utilizar os seus, hoxe reducidos, instrumentos, para dar as solucións puntuais posíbeis.

Xa que logo, o noso obxectivo de superar cualitativamente o Marco, en coherencia do devandito, debe encamiñarse a dotar de competencias e dun contido nacional galego o Marco Autonómico, reforzando e apoiando toda política que fortaleza a conciencia nacional e cre as necesidades sociais do progresivo enfrentamento coa política indubidablemente a conseguir os obxectivos estratéxicos da Soberanía Nacional como solución aos problemas de dependencia, concretada daquela no PACTO CONFEDERAL.

4.- A hexemonía do nacionalismo. A vía política e democrática.

A unidade do nacionalismo.

Dada a actual correlación de forzas a nivel internacional, coa existencia de Bloques político-militares, faise evidente en Europa, que non é posíbel o cambio social pola vía da vitoria dunha potencia sobre a outra, salvo no hipotético caso de Guerra, —inevitabilmente nuclear—, que as forzas amantes da Paz e progresistas debemos, non só rexeitar, senón combater.

Asimismo, calquer táctica política encamiñada a un enfrentamento frontal co aparato do Estado nun "hipotético intre optimo", (insurreccionalismo, vía armada), neste contexto, conducen ao testimonialismo e ao vengardismo hoxe e ao fracaso e mesmo ao reforzamento do Imperialismo, pola utilización dos seus instrumentos estatais intactos e poderosos.

A nosa revolución, pois, só é posíbel por un modelo novo, favorecendo a participación na loita dos traballadores, na loita popular e nacional, —antimperialista—. Pensar nunha revolución que non cambie de campo é caer no utopismo mecanicista ou no catastrofismo acientífico da caída en picado do "capitalismo corrupto", de claro carácter antimarxista.

Neste senso, non hai posibilidade de cambio social sen que o noso proxecto político sexa hexemónico no povo a través da vía política e democrática. Daí a importancia das organizacións de masas, cívicas, culturais, ... cara a autoorganización do País, a súa concienciación e mobilización progresivas, da nosa presenza nas institucións do avance electoral, e da unidade do nacionalismo, evitando absolutamente o testimonialismo político.

En vista da situación actual da sociedade galega podemos concluir que o nacionalismo é aínda flebe, —relativamente— e atópase moi lonxe de ser unha forza hexemónica. Non obstante o seu carácter popular é inextinguíbel.

A contradición nacionalismo-españolismo de esquerda só pode superarse polo combate ideolóxico e político que mostre a necesidade de que o povo galego se dote de organizacións propias, independentes, partindo da necesaria concepción de Galiza como marco de actuación política, institucional e de loita de clases, desde posicións progresistas, populares e antimperialistas.

A política de unidade do nacionalismo, tanto no terreo político como no das organizacións de masas cívicas, cidadáns, culturais, feministas, ecoloxistas, etc., baixo os eixos claros da AUTOORGANIZACIÓN e a SOBERANÍA NACIONAL, faise hoxe imperiosa para a viabilidade destes obxectivos, para a súa introdución social cada vez máis ampla, para a súa hexemonía, para a viabilidade dunha Galiza Soberana e Socialista.

O proxecto de Frente Interclasista cun Partido como motor dirixente e dinamizador fracasou por múltiples motivos. En coherencia cos planteamentos anteditos e superando as divisións históricas do movemento obreiro internacional estamos por un Partido capaz de reagrupar a todas as forzas nacionalistas e progresistas, marxista non dogmático, nacionalista e revolucionario, que defenda e loite pola consecución do socialismo, democrático na súa construción e funcionamento e de masas.

Neste senso propugnamos e defendimos no Congreso que a UPG, asumindo os presupostos políticos anteditos, se pronunciasse por iniciar e promover a converxencia coa AN-PG e o PSG cara a reagruparse nun Partido das características que enunciámos, iniciásemos asimismo contactos con Esquerda Galega cara converxer na actuación política, social e institucional e intensificásemos a relación con outras forzas políticas de esquerda cara a actuación diante de cuestións concretas.

Xesus Arriado Yáñez; Marisa Canto Reboredo; Sabela Carreira Rodríguez; Cristina Baamonde García; Manuel Castiella Castiella; Xosé Manuel Díaz García; Carme Díaz Simón; Lola Fernández García; Xosé Fernández Vidal; Xosé Ramón Galoso Neira; Manuel García Mel; Pedro Lucas González-Rosón; Lois Matías Sánchez; Froilán Pallín Seco; Ovidio Pérez Yáñez; Lois Rodríguez Arias; Xosé Ramos Rodríguez; Celsa Varela García; Dolores Varela Salgueiro; Ana Varela; C. Fernández.

NACIONALISMO, AQUI E AGORA

CLAUDIO LÓPEZ GARRIDO

A advertência ferroviária, "Cuidado, um trem pode ocultar outro", é transformada, ironicamente, por F. Mitterrand no seu último livro, referindo-se ao PSF, em: "Cuidado, um debate pode ocultar outro".

Tal expressão pode-se aplicar, com mesmo acerto, a alguns dos intentos de polémica emergentes no noso país.

Questões como a construção do socialismo, que oferece inmensas lagoas teóricas, não é considerada por nenhuma das forças da esquerda, como a obra dum só partido, nem sequer dumha soa classe. Afirmar o contrário, implica ignorância ou tergiversação.

Esgrimir o termo independência, cando nos documentos de todos os partidos nacionalistas defende-se a soberania nacional, e contempla-se a autodeterminação como um direito permanente além das fórmulas federais que articulen a solidariedade entre os povos, não deixa de ser umha trivialidade.

Calificar de obsesiva a controvérsia nacionalismo versus espanholismo, que não é senão a reacção defensiva do nacionalismo galego frente ao nacionalismo imperialista espanhol, esquecendo que as forças objecto de tal acusação actuaron em inumeráveis ocasiões, conjuntamente com partidos espanhóis, como MC e LCR, resulta injusto e tendencioso.

Atendo-se aos documentos oficiais aprobados nos respectivos congressos, não cabe a menor dúvida da existência de bases objectivas para a criação dum frente nacionalista, que poida, inclusive, actuar tácticamente coas forças progressistas espanholas naquelas reivindicações que sejam comuns.

Mas, quem tem estabelecido até agora as distâncias? Os nacionalistas, ou os que reiteradamente buscam a súa marginação, mesmo renunciando á defesa das liberdades democráticas, como aconteceu o 27 de fevereiro?

Abonda con seguir o comportamento legislativo, municipal e sindical da esquerda co-participante na chamada Reforma política para conhecer as súas hipotecas; así como a abdicação progressiva dos seus postulados dalgumas forças galegas que refugiurom todo acordo com outros nacionalistas para poder oferecer a imagem de partido de ordem.

De aí que o Grupo Mixto do Parlamento autónomo non defina a linha divisória entre as dúas facianas da Historia de Galiza, nem sequer da de Espanha, pois tal como afirmou o representante do PC no Pleno do 4 de Janeiro, os seus integrantes defendem projectos políticos contraditórios, cando non antagónicos.

Os nacionalistas tenhem dúas opçons: Loitar pola hegemonia das forças políticas propias ou intentar desde dentro a galeguização dos partidos estatais, aínda que esta experiencia só tenha demostrado até agora que o tráfugo acaba sendo, como todo renegado, o mais furibundo inimigo daquilo que por ter traicionado, necesita eliminar como permanente testigo de cargo.

Esta via, iniciada polo PSC, é imitada posteriormente por um sector do PSG, parece ter hoje un novo modelo na conver-



gencia EIA-EPK, que tanto interés desperta en Galiza, esquecido ese misterioso trasfondo de relacións entre o goberno e ETA-PM.

A pretendida desfeita eleitoral do PSG en 1977, que non foi tal se comparamos os resultados obtidos cos do PC ou cos do BNP, limitou-se a um descalviro económico que enxugaria-se co tempo a pesar das novas confrontacións eleitorais. Nom obstante, líderes do PSG, a pesar de que a nemhum lhe pasara pola cabeza o pacto honroso co PSOE, abandonaron a nave tras intentar, infrutuosamente bota-la a pique, para ocupar celeridamente a ponte de mando daquel.

Certo que nas conversas para um pacto limitado, ás eleccións de 1977 exigirom a soberania do PSG como único socialismo legítimo en Galiza, o copo das listas e subsequentes escanos e mais a ocupação do espazo electoral. O que non se alcanza ver é que ganava o PSOE neste singular intercambio desigual.

E a pesar de que ja non eram politicamente, o que se pensava, incorporariam, co tempo, nas listas ao Parlamento autónomo ao seu Grande Oriente.

A denominação "pesego", entendida tradicionalmente como "militante do PSG", parece ter hoje umha nova acepção: membro dumha sociedade política de garantia recíproca entre persoas, militem ou non no PSG, EG ou PSOE.

De non ser porque sabemos que politicamente ja non som o que dizia, criariam-se frente a outra realidade galega como a que solidariamente une a persoas, ocupem ou non escanos do PSOE, UCD e AP, ou a Delegação geral do goberno en Galiza.

O equivocado seica foi non "esperar contra toda esperanza"

senom loitar contra toda desesperanza, buscando um entendimento entre nacionalistas, por moi precário que fora. Primeiro foi UG, boicoteada num principio desde o PSG, como probam as listas para o Senado e as municipais para o concelho de Vigo, e asumida posteriormente cando os resultados non foram os pronosticados. E cando, a iniciativa do PSG, tratou-se de superar o enfrentamento suicida entre UG e BNP coa proposta de criação da MFGP, da que se autoexcluírom PG e PQG por razons diferentes e conhecidas, frutrándo-se así a fusión do último co PSG, sofriria-se o derradeiro embate mediante anúncio pagado na prensa, por quem demostrou así non ter outra concepción de partido que a de oana e clube privado.

O entendimento entre nacionalistas, em boa lógica, deveria ser mais doado que coas forças espanholas, sobretudo em circunstâncias que ja non eram as de 1977. Erros, cometémolos todos, mas aínda non vestírom a transcendencia das renúncias da esquerda estatal nesta etapa de transición. E sem umha previa auto-crítica dos erros propios, non é lícito defender o pasado para condenar o futuro.

Entre os conflitos do CFFG e o tiro de graça á alcaldía da Coruña, (único feito relevante na trajetória do actual PG), entre a absorção polo PSOE e a pretendida satelização polo BNP, desmentida até agora polos feitos, aínda existem notáveis diferéncias. Como existem neste "mondo cane" da condição humana, entre o can de cego e o can de presa, entre o palheiro sem dono, e o de pedigree.

Os alcumes e sambenitos inquisitoriais, próprios do vitrolismo do país, non contam a hora de resistir frente aos verdadeiros inimigos, para quem pasaron de "tontos útiles do PCE" a famentos conversos, pseudo-nacionalistas, radical-nacionalistas, nacional-católicos, social-democratas, populistas, satélites ou cans. Porque a unidade popular consuma-se na praxe e na base, polos cozinheiros da Historia de Bertolt Brecht, e nunca pelas piruetas dialécticas dos cúmios. Na situação actual ja non é possível jogar ao clásico "vulpinari cum vulpis", raposear cos raposos.

E se reconhecemos o cámbio propio, teremos que admitir que tamén se poida dar nos outros. Cada quem é livre de escolher o caminho e mesmo de equivocarse. Será a Historia quem se encargue de mostrar o acerto das decisións adoptadas. Nom condenemos nos, un futuro que non existe, como América antes de chegar Colon, porque o seu apazamento "sine die" depende do que se faga no presente, e as tenras pólas da junqueira nacionalista ergueran-se umha e outra vez, tras o paso da enxurrada, para organizar o asalto ao céu, até que por fim desapareza tamén ese maldito céu.

CLAUDIO LÓPEZ GARRIDO é membro da Secretaría Colexial do Partido Socialista Galego e parlamentário galego polo Bloque-PSG.

N.D.R.

O texto vai na normativa reintegracionista. Léase N por nh e ll por lh.

ACRONIMOS E XEOGRAFIA

E.G.

Seria de agradecer, se non fose unsarcasmo pedestre, o interés do señor Pardo Ciorraga que no artículo titulado "Unhas siglas históricas" ("La Voz de Galicia", 20-11-1982) manifesta a súa preocupación pola "razón e imaxe" do PSG en relación coa campaña iniciada por este partido en defensa das súas siglas e identidade.

Certo que hai socialistas sen organización partidária, e tamén no PC, no MC e, por pintoresco que resulte, poida que no mesmo PSOE, aínda apesar do xogo que se traía coa UCD, brincadeira onde xa non se levan nen chugadas nen pases por debaixo da mesa, senón que se "consensa" con luz e taquígrafos. Desgraciadamente a potencia ideolóxica e a prepotencia propagandística poden galgar mesmo por riba do evidente.

Ocorre que tais socialistas, independentes ou non, non iniciaron umha campaña, teimosa e asoballadora, por se apropriar das siglas do PSG como fixo o PSOE, co que a afirmación "Os socialistas galegos somos nós", cuxa atribución nos nega o Sr. Pardo Ciorraga, adquiere como case todo o mundo sabe o significado dunha averseación partidária: o espácio do socialismo organizado ocupa-o en Galiza o Partido Socialista Galego. E niso é seguro que coincidirán todos os que, sen pertencer ao PSG, se reclamen socialistas.

Mais o curto artículo que estamos a comentar non ten desperdício; e así, á hora de reivindicar o citado slogan para todos os socialistas que viven e traballan en Galiza, engade: "ben sexan galegos ou da Mongólia Exterior". (Nas citas corrixo as faltas).

Certo que tanto o socialismo e o nacionalismo como causas e o PSG como organización, contan entre os seus efectivos con xente non galega. Ora o que nunca se nos ocorrería é poñer como exemplo da ausencia de discriminación aos habitantes da Mongólia Exterior, denominados "mongoles", segundo é público e notório. Sabíamos do exotismo do PSOE, pero ir dar cun tal territorio por via do exemplo semella tan desmesurado vindo dos moderados de ofício (e de beneficio) que xa hai quen se pregunta se existirá algun tipo de vencello cun ignoto SPME (Social Partido Mongol Exterior), ou se as altas non galegas do PSOE reciben en canto fracción a denominación de "mongoles", verba de evidentes posibilidades pexorativas a pouco que se argalle nos sufixos. Na disxuntiva eu inclino-me pola segunda tese razonando por comparación: ao fin e ao cabo na UCD tamén hai uns "Xóvenes Turcos". Seguindo o fio especulativo, aquí hai materia cando menos para umha dúcia de artículos da série "Galicia autonómica" cando non para un estudo sobre a política... "asiática", pero —perdoe-se-me a cita— "eu son un home de ben e non debo contar o que non sei".

O escrito do Sr. Pardo remata coa afirmación rotunda de que non compren tirapuxas entre partidos socialistas cando *nengun dos dous está no poder*, afirmación gratuita, ou xogo malabar, que dificilmente pode agachar o fardel do ANE, LOAPA, etc. Pero antes ofrece como ámbito de discusión para dirimir estas e outras cuestións, entre outras institucións (que non cita) o Parlamento Galego. Quizais por iso o PSOE negou-se a que houbera Grupos Parlamentarios con menos de cinco deputados, co objectivo de deixar sen voz aos nacionalistas. As "discusións" con mudos serán sen dúvida brillantes e, sobretudo, impunes. Case tanto como a seguridade de escrever en papeis que terman do que se lles bota e, pésie á súa febleza, por máximo milagra, aguantan todo.

En fin, hai muitas cousas desagradáveis, pero umha especialmente noxenta que é o cinismo. Com razón dicía Ciorraga que "nada máis odioso que o tono dos que defenden umha causa, aparentemente comprometida, pero triunfante de feito, que non poden conter a súa ledicia ante a idea do seu trunfo nen impedir-se converter os seus mesmos pavores noutras tantas ameazas".

Bon comezo para os "aprendices de bruxo" do este-recente "paradiso" alemán, a referencia á legalidade dunha decisión xudicial sen distinguir entre o vencer e o convencer e negando, ademais, o direito á própria identidade.

Xulgamento do 23-F

As bazas dos golpistas

Despois dunha dúcia de xornadas na vista do xuízo do 23-F, pouco se deu avanzado e xa se ve camiñar no tempo o seu remate. Pasada unha primeira fase que se podería chamar de "leitura" sumaria, fase que aproveitaron os defensores para prolongar a vista do xuízo e dilatala o maior tempo posíbel. Quedan as fases clave, se é que hai algo clave. As probas e as declaracións dos testigos.

Os golpistas xogan con moitas bazas. É evidente que xogan a baza do medo. É feito coñecido a política dos partidos de esquerda de xogar a non irritar ao fascismo, non se xoga que se poñan agresivos. Así, intentaron un golpe, e que en realidade parece ser que eran tres: xenerais, coroneis e Guárda Civil, a ver cal chegaba primeiro. O Goberno demostrou ser blando ante toda a trillita que repousaba no seo do estado. Así, por non irritalos, eles traballaban tan tranquilos e ían conseguindo a información que buscaban: paralizar a sociedade especulando co triángulo do paro, terrorismo e autonomías.

Empregando os seus órganos de propaganda manipulan o que tería que ser unha crítica ao Goberno ou á Oposición,

cara un confusiónismo de desastre total porque eles están enquistados no franquismo e pretenden que o Estado siga a ser a súa parroquia. Xogan a baza de actuar coa verdade; todo o seu mal, parecen dicir, é querer a España, evitar o seu rachamento, manter a tradición na fe. Todo o seu pecado, parecen dar a entender que está en querer salvar a España e dentro deste maniqueísmo de posuidores da verdade fronte ao resto dos habitantes van dilatando o xulgamento, tentando tocar o corazón da poboación con verbas de amor á Pátria. Pouco importa que entre eles se contradigan e traten de salvarse agora que non deron salvado a España á súa maneira. Pouco importa porque tamén podera ser estratexia de xuizos.



As bazas do medo empregáns té o punto de conseguir retirar as credenciais a un periodista e que sexa expulsado da sala do xulgamento. A súa osadía chega a negarse a comparecer na sala de audiencia como se en vez de estar sendo xulgados, dentro dun réxime de prisión, estiveran de visita. Resulta, por outra banda, incomprensíbel que o feito se poidera producir. O Presidente do Tribunal sufriu fortes críticas de todos os medios de comunicación por retirar as credenciais a Pedro J. Ramírez, de

Diario 16, e viuselle ante outros feitos posteriores que actúa xa con máis autoridade, sobre todo no momento de frear os intentos de dilatar a vista.

A defensa utiliza, dentro deste clima de "cumplir co deber de salvar a Pátria" dos seus patrocinados, linguaxes en moitos casos moito máis políticos (propaganda involucionista) que de defensa en canto ao xurado.

Ante todos estes feitos, a sociedade, institucións, a prensa, o Goberno e a oposición,

manteñen unha parsimonia grande. Non se entende como non se investigan os fíos que moveron os militares golpistas desde o lado civil. Parece increíble que só Carrés estea procesado como único civil golpista. Aí está "El Alcázar" e o seu fascismo declarado. Pero parece non ter importancia.

Sen embargo, hai observadores que ven unha gran involución a través do frustrado golpe. E outros que van moito máis aló. Cando fala a extrema dereita non topa moita resistencia, radicalízase e organiza-se. Así, mentras os golpistas dentro do xulgamento dan unha imaxe de fortaleza e forza, os fascistas, fóra, dedícanse a rachar "o Cinturón roxo de Madrid", atacando ás alcaldías, rexidas por comunistas e socialistas (coñecidas son as agresións de Alcalá, Parla, etc.). Isto veno algúns observadores, pero os de UCD, PSOE e demais forzas, parecen xa máis preocupadas polas eleccións que por todos estes temas.

PABLO VIZ

(Ven da páxina anterior)

Na que sustenta o BNPG e apoia o PSG, Galiza sería unha colónia baixo o dominio do Estado español e os monopolios. O seu proceso de liberación nacional pasaría pola construción dun movemento nacional-popular articulado en dúas instancias: Un partido denominado comunista-patriótico (quizá fose admisíbel algun máis) que concentraría a conciencia do movemento e detentaría a súa dirección, e un "frente interclasista", "patriótico", que encadraría ao conxunto das "clases populares" organizando-as e educando-as na comprensión da íntima relación entre a opresión nacional e a opresión social. O crecemento orgánico do movemento e a maduración da súa conciencia política permitiría desencadear, en algun momento, un proceso irreversible de liberación nacional que se institucionalizaría mediante un pacto constituínte: As Bases Constitucionais.

O modelo é estreitamente debedor das experiencias de procesos de liberación nacional en contextos terceiro-mundistas e parte do suposto implícito da inmediata operatividade política da opresión nacional, a dependencia económica e a conflitividade social sobre a conciencia política do pobo. Tamén dá por suposta unha escasa diferenciación social no pobo (identificación da sociedade galega coas "clases populares"). As clases populares terían neste esquema unha aguda conciencia da súa opresión ou poderían acceder facilmente a ela mediante a explicación e a mobilización. Coerentemente coa estratexia de oposición frontal ao Estado dominante rexeita-se o seu marco institucional (Constitución, Estatuto), sen que isto

impeda —contraditoriamente— a presenza nas institucións, con proclamas obxectivos de denuncia.

A estratexia sustentada por EG dirixíase a unha sociedade complexa, social e ideoloxicamente diferenciada, contraditoria, profundamente condicionada pola ideoloxía dominante (españolismo, conservadurismo etc.) e a secular integración no Estado. Podería dicir, para remarcar as diferencias, que mentras o BNPG e o PSG centran a súa estratexia na liberación nacional mediante a denuncia e ruptura dos vínculos de opresión nacional sustentados polo Estado e as súas institucións, EG fai-no sobre a conquista da propia sociedade civil a través da súa autoorganización en entidades propias e autónomas, expresión dos diferentes intereses e ideoloxías que atravesan unha sociedade diferenciada e plural: partidos políticos nacionais (en plural), sindicatos, asociacións culturais, institucións, etc. Nada de fronte único onde só colle unha sociedade pouco diferenciada ou que pode surtir mesmo en calquer sociedade (en forma efémera) a teor de circunstancias excepcionais de crise política e social. Non é casual que o BNPG insista nos conceptos de colonialismo e liberación e EG se centre nos de hexemonía e construción nacional.

A estratexia propugnada por EG de consolidación dunha forte sociedade civil progresista en Galiza, capaz de reclamar e asumir o futuro do seu propio país de toda tutela exterior, conduce a traballar por dotar a Galiza de institucións operativas que lle procuren espazos de expresión e autorecoñecemento. Iso non significa evidentemente que EG asuma como adecuadas unhas normas e institucións que, debido á correlación

de forzas, nos foron impostas (o POG votou en branco á Constitución, EG votou non ao Estatuto).

O noso obxectivo declarado de emancipación social dos traballadores, dunha sociedade socialista encamiñada á disolución das clases, impon-nos a apertura ao diálogo cos traballadores galegos militantes en organizacións españolas.

Nen o noso acatamento ao marco legal constituído nos impede traballar pola súa superación democrática, nen o diálogo coa esquerda española loitar pola súa derrota política en Galiza e pola substitución por partidos e sindicatos propios.

Descritos nesta forma sintética as profundas diverxencias políticas nas respectivas estratexias, qué espazo queda para a unidade?

A confrontación política de concepcións e estratexias debe continuar e continuará por riba de imposíbeis unificacións inmediatas. Nun partido democrático colle un amplo espectro de actividades e posicións pero nunca a coexistencia de concepcións antagónicas. Esta constatación non impide a formulación dun leque de campos de colaboración: construción do sindicalismo nacional unificado, acción cultural, acción institucional cando for posíbel, debate franco de posicións... todo o que potencie a conquista da nosa propia sociedade, a superación dese exíxio 13 por cen co que nos enfrentamos aínda.

O movemento nacionalista galego xa non pode reducirse a un partido, como nos vellos tempos do PG, porque habitamos nunha sociedade de clases, diferenciada, porque os obxectivos que nos marcamos son xa definidos, porque non nos imos conformar nunca con ser unha simple corrente política máis dentro da sociedade galega.

RADIO GALICIA

SER

¡A RADIO!

San Pedro de Mezonzo, 3

Santiago de Compostela

PONTUALIZACIONS A X.M. BEIRAS

MIGUEL CANCIO

No respecto e consideración que me merece o profesor Beiras e sen nengun ánimo de ofensa ou ataque personal, senón todo o contrario, co afán de informar, debater e contrastar cuestións que indubidabelmente inciden na organización e estrutura da Universidade, no desenvolvemento cotidiano da mesma, quero responder punto por punto ás alusións que o profesor Beiras fai sobre da miña actuación:

—Intervín na asamblea de estudantes como o veño facendo desde hai dous anos, despois de solicitar permiso á mesma. Debo recordarlle ao Sr. Beiras que como membro da Coordinadora Aberta da que, xunto con outros estudantes era portavoz, participei moi activamente e de forma directa no movemento e en todas as asambleas de distrito e nas da miña Facultade, que, entre outras cousas, deron lugar a que se abría o Burgo, varios comedores, a creación de becas de comedor e de residencia, a participación aberta, sen nengun tipo de limitacións, dos estudantes en masivas mobilizacións de rexeitamento da alienación universitária..., e á existencia do comité de estudantes da Facultade de Económicas, en cuxa inauguración e constitución participei, ao igual que en numerosas reunións do mesmo, sempre co pleno acordo dos estudantes. E fixen isto, e penso continuar facéndoo, non por paternalismo ou algo parecido, senón porque considero que como membro da comunidade universitária hai cuestións que, conxuntamente e sen distinción, competen a todos os que formamos parte da mesma. E dicir, entendo que na Universidade debe haber un movemento universitário formado conxuntamente por estudantes, profesores e persoal non docente para plantexar, debater e propoñer solucións que no caso de España e Galicia acaben coa Universidade miserente, triste, aburrida e mediocre que estamos a sufrir. En todos os movementos universitarios que tiveron lugar no Occidente a partir dos anos 65 e especialmente no 68 e que desembocaron nas reformas universitarias dos países occidentais que puxeron termo ás universidades mandarín, participaron en asambleas e aulas

abertas conxuntas, estudantes, profesores e PNDs (Personal non docente, nas que se debatían as cuestións fundamentais da Universidade e das facultades, sen perxuício de que despois, os colectivos correspondentes, adoptasen, cada quen pola súa conta, as posicións que coidase máis oportunas.

Ao desaparecer este movemento unitario, plural, variopinto e aberto que supuxo a Coordinadora Aberta e ao converterse novamente en algo minoritario e pechado, cos criterios rixidos de sempre, eu deixei de participar no mesmo. O cal non quero dicir que renunciara a loita por un movemento autosexionario como o que xenerou a Coordinadora Aberta.

—Efectivamente, eu intervín, como xa fixen público nunha nota, na asamblea de estudantes, para evitar que se consumara a elección de Decano sen darlles aos candidatos e equipos a posibilidade de debater e argumentar por eles mesmos e non de forma terxiversada e insultante, como se fixo no caso de algúns e por algúns na asamblea de estudantes (poño por testigo do que acabo de dicir e do que sucedeu nesta asamblea ao periodista de "La Voz de Galicia" que acudiu á mesma). Eu, en dita asamblea, reiteradamente dixen que o desexábel e democrático era que os candidatos, por eles mesmos, espuxeran e debatiran as súas propostas; e ante informacións sobre os que podían ser decanos, fixen algunhas puntualizacións e incluíu outras que considere necesarias e que tamén din a coñecer en dita nota. Eu formaba parte da candidatura de Abel Caballero e precisamente este de forma explícita fixo constar, aínda que poidera non telo feito. Pero ese non é en absoluto o meu estilo e ademais non había nada que ocultar. Eu o único que facía, e voltaría repetilo mil veces, era esixir o dereito elemental e democrático a que a candidatura da cal formaba parte poidera debater, argumentar e contrastar cantas veces fose necesario e preciso, en forma, tempo e lugar, as súas propostas e argumentacións por ela mesma. Posteriormente o Sr. Beiras nunha reunión cos que o apoiaban deci-

diron propoñer que a asamblea de presentación e debate das candidaturas se fixera sen a intervención dos profesores. O Sr. Beiras, despois de que un estudante dos que o apoiaban espuxera este plantexamento, dixo que el consideraba que os profesores non deberían intervir no debate da mesma. O Sr. Decano, que actuaba como moderador, tamén era desta opinión, que foi a que prevaleceu e que non chegou a votarse. Non acabo de entender por qué sobre unha cuestión de tanta importancia como é a elección do Decano da Facultade, non poderían intercambiarse por parte dos estudantes, profesores e PNDs, de forma suficiente, ampla, respetuosa e democrática, os diferentes puntos de vista e opinións; por suposto despois dos estudantes, profesores e PNDs, cada quen pola súa conta, de forma libre e soberana, sen nengun xeito de manipulación nen coacción, exercitaría o seu dereito ao debate e ao voto. ¿Quizais algún temía o que poideran dicir algúns profesores? Penso que se perdeu unha extraordinaria oportunidade para que os estudantes e profesores intercambiases libre, respetuosamente e democraticamente as súas opinións, dadas por eles mesmos, sen nengunha mediación ou interpretación que poderían dar lugar a maos entendidos e terxiversacións.

—O Sr. Beiras, na asamblea de estudantes, gañou por ampla maioría e deu lugar a que os estudantes, elixidos por sistema maioritario e non proporcional, acudiran á Xunta de Facultade a votar en bloque a dito candidato. Considero que o seu triunfo sería completo se se permitise a celebración do debate coa participación dos profesores e PNDs, que, sen dúbida, daría lugar a unha maior contrastación das propostas e dos argumentos. ¿En base a qué e con qué criterios se pode xustificar a carencia de dito debate sempre que posteriormente cada colectivo, libre e democraticamente, sen coaccións e manipulacións, poidera debater e exercer o dereito ao voto?

Profesor de socioloxía da Universidade de Santiago

UN PASO ADIANTE

ALBERTE PIÑEIRO

...como se erguen bandeiras
en todos os curtos
como persoas férreas
sinalan os camiños
como a nosa semente
—xeneración do lucelro—
florea nunha Patria
que comeza a albiscarse...
(Abrelle e Porta ó día—Dario X. Cabana)

Acolléndome á amabilidade de A NOSA TERRA, e co ánimo de contribuir a un debate fondo sobre da creación do Frente Patriótico Galego, atrevome a expor as liñas xerais das miñas cavilacións, que a raíz do III Congreso da U.P.G. veño matinando.

Calquera observador medianamente atento á nosa realidade, coincidirá connigo, en que este III Congreso do partido máis forte e mellor organizado do campo nacionalista, ven de marcar o inicio dunha nova etapa na loita política na nosa Patria.

A historia ten demostrado suficientemente que calquera Movemento de Liberación Nacional, se non acada a capacidade de aglutinar ao redor seu, mediante unha proposta estratéxica de longo alcance, a maioría, ou polo menos os sectores máis dinámicos e progresistas das clases populares, é imposible que consiga os seus obxectivos. Esta capacidade de atraer, aglutinar, organizar, de sumar enerxía social en base a unha alternativa li-

beradora, que se poida enfrentar con certas posibilidades de éxito ao poder dominante, e o que Gramsci denomina "Bloque Histórico".

Bloque Histórico que debe ser enriquecido con todas as alternativas que os diferentes movementos progresistas e revolucionarios (estudantes, ecoloxistas, feministas, etc.) poidan aportar; ao mesmo tempo este Bloque ou Frente debe estar guiado, nos seus aspectos fundamentais, pola práctica revolucionaria do proletariado, e debe conseguir a participación activa ou no seu defecto a simpatía pasiva do sector campesino.

Agora ben, ¿é necesario hoxe un Frente Patriótico?; coído que dadas as condicións obxectivas e subxectivas da nosa realidade, é urxentemente necesario, e añadiría máis, imprescindible; e non só para poñer freno ao abafante predominio da ideoloxía española —apesar dos ímprobos esforzos realizados polos partidos nacionalistas— senón tamén como alicerce a longo prazo para establecer unha hexemonía ideolóxica nacionalista no seo da nosa sociedade.

¿Qué función debe cumprir este futuro Frente? Ao meu ver só unha, a consecución da hexemonía social e ideolóxica na nosa Patria. Hexemonía que non debe entenderse somente como capacidade mobilizadora ou maioría electoral, senón, o que é máis importante, como capacidade de tomar ao seu cargo os abondosos problemas en que a nosa sociedade se ve sañadamente atacada —política, cultural e economicamente—, indicando as solucións concretas e propiciando os medios para resolvelos segundo os métodos que a situación requira.

¿A quen debe acoller este Frente? Desbotando de entrada o sector seudonacionalista, xa que isto significaría a desvirtua-

ción do propio Frente, ao atoparse nel persoas que coa súa práctica autonomista, ían desnoitar e esterilizar a loita de liberación nacional, xa que considero a política autonómica como unha peza máis da engranaxe que perpetua a secular colonización de Galicia, quedaríannos somente dous sectores ou correntes de pensamento: os federalistas e os arredistas. E é en base a estas dúas concepcións políticas onde o Frente debe afondar as súas raíces. Parecerá en certo modo contraditorio e utópico que dúas alternativas distintas poidan convivir nunha mesma organización; pero se analizamos un pouco polo miúdo esta cuestión, penso que non debe ser grave problema, xa que nestes intreos as dúas necesítese e complementáanse, e estarían fondamente unidas no dereito irrenunciábel de loitar pola autodeterminación de Galicia, que coído que debe ser o primeiro punto nos obxectivos do Frente.

Que naide pense que a formación, organización, consolidación e operatividade do Frente vai ser fácil, primeiramente haberá que vencer anos de incompreensión mútua e de liortas estériles entre os propios nacionalistas, haberá que vencer moito persoalismo aínda imperante, e haberá que vencer moito dogmatismo dominante, e tamén haberá que ter moito dose de xenerosidade política, e realizar un programa e o que é máis importante, desenrolar unha práctica que posibilita que amplos sectores e organizacións nacionalistas se sintan vencellados e participantes do Frente, e vexan nel a única ferramenta que pode remover a adurmida conciencia nacionalista do noso povo, cara un proxecto de liberación social e nacional.

Só así se poderá facer realidade a primeira parte do título leñista, e esquecernos da segunda.

Despois do V Plenário da AN-PG

Un paso adiante

Coa presenza de bastante máis da metade dos cincocentos delegados que nun principio tiñan que asistir, o día tres celébranse as discusións sobre o Regulamento do Plenário e a sesión de apertura coa lectura do informe da Dirección Nacional, a cargo do Secretario Portavoz, señor Diéguez Vázquez.

Cun principio proporcional de reparto de delegados, que ían desde os cen de Ourense aos 35 das subzonas das Rías, aos 500 delegados uniuéselles unha representación da organización estudantil ERGA, con voz pero sen voto, e tamén representación de persoas simpatizantes, sen voz nen voto. Ambas e dúas estiveron presentes na apertura, clausura, comisións e plenos, mentras que os observadores só estiveron nas sesións de apertura e clausura.

INFORME DA
DIRECCION NACIONAL

Pouco antes de dar lectura Lois Diéguez ao informe da Dirección Nacional da AN-PG, gardouse un minuto de silencio pola morte en accidente do militante Xosé Díaz Rifón, un dos representantes da emigración, que viña precisamente para defender a ponencia alternativa aprobada en Madrid.

De seguido, o momento de ledicia foi cando se anunciou que as sentencias que afectaban aos nacionalistas xulgados eran de absolución na maioría dos casos e de penas mínimas en catro. A realidade, conforme se explica noutra páxina deste periódico é algo diferente a peor.

O informe, que era como unha vista de páxaro a todo o acontecer e traballo da AN-PG nos dous últimos anos, e contaban cun xeito de enmendadas, máis ben correccións estilísticas, das que algunhas veces se fixo eco a Dirección Nacional. Nos ambientes da AN-PG espérase que na redacción definitiva se tiveran presentes estas correccións de estilo.

Ao remate da primeira xornada, celebrouse a votación para a aprobación ou non do Informe cun resultado de absoluta maioría xa que os votos en contra foron ao redor de 25-30 e outro tanto de abstencións, pasando dos 250 os afirmativos.

AS PONENCIAS

Se ben nun principio había tres ponencias para discutir, a defección dos militantes de Lugo que levaran adiante unha

Desde a súa creación, en 1974-1975, a Asamblea Nacional-Popular Galega, chegou a converterse no máis importante grupo nacionalista en canto a filiación. Aínda hoxe en día é a organización que máis militantes ten.

Lembremos que dela se escindiron grupos (como a APG) que logo deviron en novos partidos (POG, EG). Escisións tamén houbo cara á terra de ninguén, politicamente falando, e sen moitos os "nacionalistas independentes" que hai na nosa terra. Tanto dela como da UPG escindíronse tamén, e só falamos de xente organizada, os líderes e moitos militantes de GC.

A celebración, os pasados días tres e catro, do V Plenário Nacional da AN-PG trouxo consigo a posibilidade de que moitos destes escindidos e independentes volten xuntarse na creación dun Fronte Patriótico Galego (por chamarlle algo, xa que aínda non ten nome) cara unha loita común.



dela, fixo que fora imposible a súa discusión e polo tanto a aprobación ou rechazo. Da ponencia da emigración en Madrid, hai que dicir que a morte de Díaz Rifón provocou a súa retirada práctica, se ben foi lida nas comisións para coñecemento dos delegados. Ténase en conta que houbo varios grupos assembleáneos e plenários de zona que non tiveron coñecemento dela até uns días antes ou no mesmo plenário nacional.

Simplificáronse así as cousas e discutíu a ponencia oficial presentada pola Dirección Nacional, cousa que levou toda a mañá da segunda xornada.

Algunhas das enmendadas conseguiron o preceptivo 25 por cento dos votantes para pasar ao pleno e aínda algunha saíu aprobada da comisión, polo que tamén acompañou ás primeiras ao pleno xeral.

Das enmendadas que foron presentadas nas zonas, varias foron aceptadas polos ponentes oficiais, tales aqueles que facían referencia a correccións como Euskadi por País Basco.

Aceitou a DN da AN-PG enmendadas relativas aos puntos programáticos do novo fronte, tal como incluír a idea da loita ant imperialista, ou facer referencia á política social con respecto á problemática muller, homosexuais, dismuidos, vellos, etc.

A única enmenda non aceptada pola DN e aprobada polo pleno nunha apretada votación foi a que facía referencia a Galicia Ceibe como alternativa organizada de Soberanía Nacional.

¿QUE VAI PASAR COA AN-PG?

Despois de sete anos de vida, a organización nacionalista está agora nun momento de reformulación da súa identidade como fronte patriótico que nun principio quixo ter.

O novo fronte defínese "como unha organización política que ten como obxectivo estratéxico a conquista da soberanía nacional de Galiza. Neste fronte pode organizarse calquera patriota que se comprometa a defender os principios políticos e programáticos que o Fronte propugna, proveéndose do carné de militante. Pode adherirse tamén ao Fronte calquera partido ou organización que non estea en contradición práctica nen teórica cos principios programáticos do FP".

Esos principios que se citan no párrafo anterior son os de autodeterminación, autogoberno, democracia, ant imperialismo, intereses populares, autogorganización e o marco nacional galego como contraposto ao marco autonómico e constitucional.

Exponíanse tamen unha serie de medidas económicas mi-

nimas, o mesmo que as educativas, culturais e sanitarias. Con respecto ao nome e aos símbolos non hai nada decidido xa que hai que esperar ás conversas entre os posibles participantes deste fronte.

Xa que logo, a AN-PG non vai desaparecer "totalmente", senón que vai cambiar de nome e ampliar a súa base co cambio dalgun dos principios programáticos, o que vai levar á súa reformulación.

A SESION DE CLAUSURA

A sesión de clausura deste V Plenário da AN-PG foron invitados representantes dos partidos e organizacións que na actualidade loitan pola soberanía nacional galega, xunto con dirixentes dos sindicatos nacionalistas galegos (INTG e CSG), Partido para a Vitoria do Povo (Uruguay), Fronte para a Liberación de Palestina (OLP) e Herri Batasuna.

Por ERGA falou Xoaquín Fernández Leiceaga, que dixo que "participaban no proceso esperanzados". Pola CSG, Xosé Manuel Mosquera, que dirixiu "un saúdo que quere ser unha arela de que a nosa aspiración sexa unha posibilidade de conseguir un amplo fronte". Pola INTG entrevistou o seu Secretario Xeral, Lois Ríos Paredes, quen tras rexeitar Estado, Constitución e Pacto Social, afirmou que "me parece importante que vos marqueis

un camiño de unidade do nacionalismo". Para rematar o turno sindical, Emilio López, das Comisís Labregas-Sindicato Labrego Galego que falou do seu contento pola demostración de froza que o Plenário significaba e que "nós imos darlle respaldo".

A primeira representación estranxeira en tomar a palabra foi a do Partido para a Vitoria do Povo, por quen falou un fillo de galegos, recién saído das cadeas da ditadura uruguia. O representante dos palestinos, despois de dirixir saúdos do seu povo para o galego dixo que "estamos orgullosos de que nos chamen terroristas, se terrorismo é loitar pola liberación do noso povo". O enviado de Herri Batasuna tivo que falar en nome do que nun principio tiña que ir ao tacto, pero que foi detido "e torturado na DGS". Dixo que en Euskadi non se conseguiría a paz en tanto non se aceptaran e conseguiran os puntos KAS e que calquera manipulación do acontecer da súa terra era gratuita. Despois deceulle a palabra a un nacionalista galego que é concellal en Euskadi nas listas de HB.

Xosé Luís Méndez Ferrín, de Galicia Ceibe, dixo que "a nosa man está tendida a vós, esperamos que a recebedes. Estamos pola unidade do nacionalismo". Polo Partido Socialista Galego falou Eduardo Gutiérrez, da Secretaría, que enviou "un saúdo de irmandade esperanzada na tarefa común por unha Galiza Soberana". Cerrou a xeira de partidos nacionalistas o parlamentario e presidente da Unión do Pobo Galego, Bautista Alvarez que, facendo referencia a un artículo aparecido nun xornal quixo "felicitarse a AN-PG por ser, efectivamente, unha caixa de reclutas para o nacionalismo galego". Máis adiante dixo que era necesario "que o fronte se amplie para ofrecerlle máis resistencia ao inimigo colonizador: levan moitos anos entonando o Requiem pero non acabaron co nacionalismo nen van acabar con el".

Ao final tomou a palabra o secretario portavoz, señor Diéguez que fixo un chamamento para a participación no Fronte "deixando as pequenas diferencias que poida haber", para rematar o acto cun minuto de silencio en memoria de Díaz Rifón e co canto do Hino Galego con todos os asistentes en pé.

X.C.

N. 185/DO 16 AO 22 DE ABRIL/1982

IV Plenário de Galicia Ceibe

Outro paso cara a unidade do nacionalismo

O plantexamento da unidade do nacionalismo chegando a unha estrutura unitaria, pódese considerar un dos principais acordos aos que chegou Galicia Ceibe (OLN) no seu cuarto plenário nacional celebrado os días 24 e 25 de abril en Melide.

Así mesmo discutíronse ponencias sobre a situación política, tanto no plano estatal como no nacional, así como a alternativa política de Galicia Ceibe, que se poden considerar tamén no camiño da unidade do nacionalismo en todos os campos, do independentismo e o socialismo, coecito que aparece por primeira vez absolutamente expreso en Galicia Ceibe.

Autodeterminación, amnistía total, retirada paulatina dos grupos represivos de Galiza, idioma galego oficial e a elaboración dunha táboa reivindicativa que signifique un programa de acción a curto prazo e que atenda ás agresións máis patentes que o Estado Español lle fai a Galiza son os puntos básicos que Galiza Ceibe (OLN) aprobou no seu IV Plenário Nacional cara a unidade dos nacionalistas de esquerdas nun fronte de liberación nacional o máis unido posíbel.

Neste senso Galicia Ceibe acordou dirixirse a UPG, ANPG, PSG e aos autoexcluídos e expulsados o ano pasado da UPG, para unha xuntanza na que se tratasen os puntos antes mencionados.

NO PLANO ELEITORAL

Galicia Ceibe pensa que no programa do fronte non pode ser un elemento prioritario o electoral, por máis que no ámbito municipal pensen que non hai problema para posíbeis alianzas.

A participación nas eleccións tanto ao Parlamento Galego como ao Español deberá de ser estudada segundo a situación política de cada momento.

NO CAMPO SINDICAL

No campo sindical Galicia

Ceibe está de acordo coa confluencia da INTG, CSG e sindicatos de rama conforme a principios assemblearios anticolonialistas e non pactistas; considerando este proceso como un paso importante cara unha central única galega.

Estudaron tamén no campo sindical, pero xa no eido agrario as próximas eleccións ás Cámaras Sindicais Agrarias, estimando que era importante concurrir a estas eleccións pero sen facer candidaturas indiscriminadas que despois na práctica non irían cumprir papel algun.

Pronunciáronse asimesmo pola xuntanza cara estas eleccións con organizacións nacionalistas e partidos rupturistas da esquerda estatal que traballasen no agro, se ben estas candidaturas irían baixo as siglas de Comités Labregas.

A SITUACION POLITICA EN GALIZA

Segundo a análise que Galicia Ceibe fixo da situación política en Galiza, ao nacionalismo correspóndelle neste momento máis unha resistencia reconcentrada que un intento de avanzar.

Asimesmo pensan que o independentismo ten que recuperar as raíces populares para nun futuro estar disposto a implantarse.

Para iso, agora, debera sentar as bases e reorganizarse.

REAFIRMARSE NA LIÑA DO INDEPENDENTISMO

No plano estratéxico Galicia Ceibe reafirmouse neste IV Plenário na liña independentista aparecendo por primeira vez explicitamente a opción do socialismo que até agora estaba matizadamente velada no seu programa.

Na esfera do táctico, reafirmouse nunha alternativa de ruptura democrática xa asumida que significaría o rompimento da estrutura unitaria e a democracia plena.

SITUACION POLITICA NO ESTADO ESPAÑOL

Para Galicia Ceibe, o 23-F encaixa perfectamente co endurecemento do sistema, coincidindo coa recondución que se estaba a levar adiante da máxestión de Suárez.

Este endurecemento poderíase definir con catro siglas: ANE, MULC, LOAPA, e OTAN.

Para os congresistas reunidos en Melide, UCD está en crise e con dous graves problemas por diante: eleccións andaluzas e vulgamento dos implicados no 23-F, aínda que intente coesioñarse e ocupar un espazo na dereita desmarcándose do PSOE pero sen aproximarse moito a AP. Pola súa banda o PSOE tentaría bascular todo o posíbel para a dereita, e as esquerdas minoritarias veríanse obrigadas a levar loitas estereis e radicais, sobre todo no campo marxinal, que non serían máis que un intento de perfeccionar o sistema.

Pola súa banda as organizacións revolucionarias terían que levar unha loita directa que desmascarase as manobras deste sistema opresor.

Podemos afirmar, sen lugar a dúbidas, que este IV Plenário de Galicia Ceibe é un dos máis importantes desta organización e un avance cara a conformación do Frente Nacionalista e cara a unidade do nacionalismo.

Resalta asimesmo as aportacións dos membros de Galicia Ceibe na cadea.

Reaccións diante do da capitalidade

Fiel reflexo da clase política

Irracional, demagógica, irresponsábel, eleitoralista... ¿Cómo podemos calificarla? Sen dúbida todas as verbas antes ditas teñen cabida, xa que todas elas a condimentan, dándolle forma e sabor, na campaña desatada diante do anuncio da Xunta de que, dunha vez, ía presentar ao Parlamento un proxecto para fluir definitivamente a sé da capital autonómica.

Uns poucos serán enganados por estas posturas, outros defenderán porque defenden calquera cousa sen pensar o que, algúns xa choraron de raiba, os máis ou non farán caso ou ríranse dunha clase política que se ve ás leguas que só vai buscando a propia supervivencia, por enriba dos intereses nacionais e dos do propio partido... Despois querenlle buscar tres pés ao gato da abstención.

A liorta pola capitalidade autonómica de Galiza comezou cando a dereita máis recalcitrante coruñesa veu posibilidades de manexar os sentimentos de parte da poboación herculina para lograr sacar unha espina que tiñan cravada no corazón: que o Alcalde da súa cidade fose un nacionalista.

Así empezaron a campaña pola capitalidade enmascarando a batalla contra Domingo Merino. Logo outros sectores ou, máis ben, dirixentes, doutros sectores subíronse tamén ao carro da liorta pola capitalidade, ao mesmo tempo que empuxaban tamén —rompendo pactos posteleitorais— a dimisión do alcalde do PSG.

Pero do que non se deron conta é de que esta mesma campaña que, por fin conseguiu —non por si mesma, senón diante da ingobernabilidade do axuntamento pola postura sobre todo do PSOE e PC— que Merino presentase a dimisión, arrastraría tamén a eles a unha dinámica que os levou moito máis aló do que eles nunca pensaron, aínda fóra da súa propia dinámica do partido e en aberta contradición coas teses propugnadas por estes.

DISTINTAS POSTURAS SEGUNDO O LUGAR

Esta espiral alcanzou así, deixándolos espidos diante de anteriores posturas, a xentes da dereita e da esquerda.

Así González Dopeso, Presidente dos "Amigos de La Coruña" e agora conselleiro autonómico, aceptou desde este goberno, que no anteproxecto Santiago quede nomeada como capitalidade de Galiza e, agora, para cubrirse a espalda, anda negociando o que as direccións xerais, xa no colmo do irracional, se instalen na Coruña, para poder capitalizar este "logro".

Algo parecido lle pasou ao Sr. López Menéndez, actual alcalde, que no seu afán de chegar ao sillón presidencial do axuntamento, e de gañarse aos sectores chamados coruñistas, quixo, nas súas declaracións, ser máis coruñista que nade, e agora chega ao cinismo —non nos quedaremos cortos— de comparar a masacre de millóns de xudeos co tema da capitalidade.

Pero aínda queda peor cando pronuncia "é o seu problema", refe-



Francisco Vázquez, botándolle unha bendición á súa capital, aínda que sexa contra a idea do seu partido.

ríndose ás decisións do resto de Galiza sobre a capitalidade.

Unha boa mostra de solidariedade e de senso común dun político que vaia, como din, "buscando o ben dos demais".

Na mesma liña, máis ou menos, e parece que —rivalizando en despropósitos e apetencias personalistas, cousa xa sabida— con López Menéndez; Francisco Vázquez monta o número da súa dimisión de declaracións altisonantes en defensa da capitalidade para Coruña, mentras o seu partido desautorizaba todas as súas accións e a súa verborrea, mostrando un gran espectáculo de unidade ideolóxica e táctica dun partido que din está chamado a gobernar.

Pouco máis edificantes aparecen as posturas do PC e EG xa que os seus políticos manteñen actitudes diferentes e contraditorias segundo se trate de facer declaracións, na Coruña ou noutra parte de Galiza, equiparándose á dereita na defensa de intereses personalistas e localistas.

O peor de todo é que detrás desta concepción o que subxace é un intento de presentar diante da opinión pública a Galiza como unha entidade atomizada moi lonxe de ser unha unidade nacional.

N. 187/DO 30 DE ABRIL AO 6 DE MAIO/1982

Constitución da «Asamblea de nacionalistas galegos»

Na orde de xuntanzas hai que reseñar tamén a que se celebrou en Santiago o fin de semana e á que axistiron unhas oitenta persoas, a meirande parte expulsados da UPG e da ANPG no último ano.

Nesta xuntanza acordaron constituir a "Asamblea de Nacionalistas Galegos", "organización provisoria co obxectivo prioritario de pular polo mantimento e fortalecemento das organizacións de masas nacionalistas e da creación dun fronte patriótico" que leva como características, entre outras, a defensa da identidade nacional, o anticolonialismo, de oposición á autonomía e á constitución, defensa da cultura e o idioma galego, a loita contra todo tipo de agresións económico-sociais e políticas, loita contra a integración CEE, loita pola liberación nacional no sentido da autodeterminación, impulsar a unidade do sindicalismo nacionalista...

Critican o fronte propugnado pola UPG e PSG así como a política de Esquerda Galega ao mesmo tempo que fan un chamamento á unidade.

O tole-tole da capitalidade

Estanse a dar as últimas batallas polo tema da capitalidade que, ven mirado, en vez de ser por este tema, convértese nunha demostración de efectivos loxísticos cara as direccións dos partidos.

Sobresae aquí o PSOE cun Paco Vázquez hedonizado ao que se lle parece pouco o seu cargo de presidente sucursalista, intentando ser o próximo Alcalde da Coruña. El foi, por esta obsesión de figurín do poder, quen rompeu os famosos Pactos do Hostal que propiciaron a caída do nacionalista Merino da Alcaldía da Coruña. Que esta fose ocupada por unha persoa de UCD pouco lle importaba, xa que el mesmo intentara, tempo atrás, engrosar as filas do "donut".

Agora convertiu o tema da capitalidade como meio de ocupar o Pazo de Maria Pita. Todo isto apoiado polas instancias da dirección metropolitana do partido que tentou sempre impedir unha mínima galeguización nas súas estruturas, por máis que engadiran ilegalmente novas siglas.

A visión de Paco Vázquez e os seus acólitos do poder amosan a óptica de Madrid na que non existe Galiza como tal, senón un eido que hai que conquistar para conseguir a Moncloa. Atrás, moito atrás, quedou o federalismo e agora, en palabras do Sr. Vázquez, "o que importa é o socialismo", xa non existente por ningunha parte no programa do PSOE, máis que no nome.

A ambición do Francisco Vázquez e o antigaleguismo dos seus dirixentes madrileños levaron a por este tema como prioritario na Galiza de hoxe esquecendo temas como a Cuota, o Idioma... que non parecen existir para os pesoistas. Pero este despropósito político, falta de política diríamos, supeditación a intereses alleos, tería que ter os seus custos que, agora se manifestan coa división no seo do Partido Socialista Obrero Español en Galiza.

Aí están enfrentadas dúas tendencias: os oficialistas con Francisco Vázquez e unha tendencia que, enfrentada ao aparato partidario, reclama máis poder de decisión para os cargos directivos galegos.



A dimisión, obrigada, de Francisco Vázquez, deixou gañadores do primeiro "round" esta última opción. Pero só foron cinco votos máis os que acadaron aqueles que propugnan a sé da capitalidade en Santiago que os partidarios da montaxe capitalina como opción de poder municipal.

O próximo vinte de xuño no congreso extraordinario a celebrarse en Lugo, será o segundo tempo. Ali quedará definitivamente proclamado o gañador. O relevo no posto de Secretario Xeral é problemático, xa que a Ceferino Díaz hai tempo que o queren "linchar" desde Madrid. Esperemos a ver o que pode facer Alfonso Guerra ou do que é capaz a chamada oposición, que xa cedeu bastante ao permitirle, nun partido que se chama socialista, presentar, nada menos e nada máis que cinco enmendas persoais.

Toda unha mostra de disciplina partidaria; ¡pobre Pablo Iglesias!

OS OUTROS GRUPOS APOSTAN POR SANTIAGO

En UCD, aínda que desbaratada a manobra dos coruñeses no congreso de Lugo, aínda existen intentos, senón de facer cambiar fundamentalmente o proxecto da Xunta, si de quedar ben diante do electorado recalitrante coruñés, pedindo que se redacte —tarde piastes ao non facelo cando pudeses— un novo texto integrador.

Tamén tres deputados electos nas listas coruñesas de AP presentaron unha enmenda ao proxecto de lei da Xunta sobre a sé autonómica.

Polo demais as enmendas presentadas polos integrantes do Grupo Mixto: Bloque-PSG, EG e PC, coinciden de forma sustancial ao manifestar que a sé do Parlamento, da Xunta e do Presidente desta entidade será Santiago de Compostela e que a sé do Tribunal Superior de Xusticia será a Coruña.

Por outra banda, destacar tamén os intentos que están a facer certos sectores coruñeses para lograr que persoas de diversos partidos políticos cambien de opinión respecto a este tema, inflado, terxiversado, desquiciado...; aí están senón a famosa comida propiciada pola "Voz de Galicia", xornal que está inserto nunha dura batalla co "Faro de Vigo".

Criación de Nacionalistas de esquerda

Acaba de facer público o seu primeiro manifesto, o "Grupo de Nacionalistas de Esquerda", que segundo manifestan "non é nada novo, senón darlle nome ao que xa éramos. Non é un novo partido, nen tan sequera unha nova sigla, senón un colectivo de persoas que nos compre unha identificación". Manifestan asimismo a súa certeza de que as opcións políticas en Galiza están totalmente cubertas, polo que, xa que logo, o seu intento será darlle meirande credibilidade e facer máis efectivas as xa existentes, intentando confluir "coas que esteamos máis de acordo".

As persoas que constitúen este grupo, na meirande parte

militanes da UPG e AN-PG de Lugo que abandonaron esta organización despois dos respectivos congresos, pretenden facer unha reunificación do nacionalismo, segundo plantexaron nas organizacións que abandonaron.

Afirmar que en Galiza existen dúas estratexias nacionalistas e o que hai que facer e que "sexan respeitadas as dúas, cousa que, segundo eles non posibilita o fronte que se está a construír".

Os obxectivos deste grupo son o "conquistar a unidade de acción entre os dous sectores en problemas tales como a Cuota, a Loapa ou cara ás próximas eleccións ao Parlamento Español".

Asimesmo manifestan como prioritario consolidar a "organización de carácter nacionalista". Vendo así con "bons ollos" o proceso de unificación da INTG-CSG e con outros sindicatos de rama.

Intentan potenciar unha alternativa nacionalista de esquerdas, plantexando os "debates necesarios".

Para rematar afirman que lles parece positivo a creación do "Frente, como unidade dun sector", pero que hai que intentar a unidade co outro sector "na medida que sexa posible".

Tamén plantexan, a corto prazo, "unha campaña de todos os partidos implicando ás institucións", contra da Cuota.

NACIONAL

Chamamento nacionalista

O domingo día trinta terá lugar en Santiago a primeira xuntanza de xestora aberta para tentar de articular un fronte nacionalista.

A Asamblea Nacional Popular Galega, Galicia Ceibe, Partido Socialista Galego, Unión do Povo Galego, Independientes de Santiago e Coruña, entre os que se encontra por citar algúns a Xosé Manuel Beiras, Troitiño, Ramón Muñiz, e un longo etc., de coñecidos nacionalistas, Colectivo Asambleario de Nacionalistas Galegos no que están insertos persoas que abandonaron nos últimos tempos a UPG e AN-PG, como García Montes, Manoela Fraguela... e Colectivo Libertario Arco da Vella fanlle un chamamento a todas as organizacións, colectivos para que se inserten "no proceso de elaboración da alternativa que arelamos" e acudan á citada reunión.

O proceso "aberto e democrático" pódese configurar segundo os seguintes mínimos prencípios: que foron aprobados nunha reunión celebrada en Santiago días atrás polas organizacións independentes e colectivos antes ditos:


"Recoñecimento do carácter plurinacional do Estado Español e defensa do dereito á autodeterminación das nacións que o compoñen, negados pola actual constitución, motivos, entre outros, non pode ser aceptada.

Defensa dunha alternativa de autogoberno real fronte á autonomía. Defensa práctica do principio de autoorganización política e sindical.

Posición antimperialista a nivel do Estado e do mundo.

Carácter ideoloxicamente plural e funcionamento democrático na organización unitaria do nacionalismo".

suteca



Ofset-Palelaria técnica

Santiago de Chile, 26 - baixo
Teléfonos 59 96 39 - 59 99 72
SANTIAGO


LIBRERIA



Vila de Negreira, 3
Tlf. 261975
A CORUÑA

LIBRERIA
ARVAL
PAPELARIA

Orzán, 174 Tlf. 231110
Correlaria, 79 A CORUÑA



SOMOS CONECIDOS
NA
GALIZA ENTEIRA.
POLA NOSA
ESPECIALIDADE
EN
LIBROS
GALEGOS
E
PORTUGUESES.

Rep. de El Salvador 9 Telf. 555812 Santiago



XONOL Arte popular
Xelmírez, 10 e Rúa Nova, 14
SANTIAGO

A UNION DA ESQUERDA

CONSTANTINO RABADE C.

A crise que está a sofrer na actualidade o nacionalismo sitúa-o, paradoxicamente, nas mellores condicións para capitalizar a solución do problema que presenta a necesaria recomposición da esquerda, a crise do movemento obreiro, orixinada pola recomposición das clases traballadoras; nunha palabra, de acadar a superación da división anacrónica entre socialistas e comunistas. Mais, para isto, o proceso terá de axectar-se ás necesidades reais; as análises e o proxecto que procuremos deberán plantexar-se correctamente.

Neste sentido, o proceso non é adecuado desde unha óptica frentista, porquanto o fronte-populismo non constitui a alternativa que precisamos neste momento histórico. Tal punto de partida desvirtuaria desde o principio o desenvolvemento do proceso, así como a realización de un proxecto adecuado ás necesidades actuais.

Metodoloxía

Nós consideramos que a unión dos nacionalistas ten de plantexar-se sobre a base de unha *auto-convocatoria*, sen exclusións, de todas as organizacións, colectivos e independentes, co obxectivo de procurarmos a *unión da esquerda*, através de un novo modelo organizativo e de unha reformulación estratéxica, segundo a posición de Galiza no contexto estatal, europeo e internacional.

Obviamente, todos estamos de acordo en principios básicos como son a Autodeterminación, o Auto-governo, a loita-antimonopolista, a auto-organización e a necesidade de transcendermos o marco autonómico e constitucional. Mais non se trata samente de formularmos principios estratéxicos de un xeito abstracto, de declararmos nos voluntaristas e visceralmente "anti-tudo". O problema non é tanto de contidos, onde existen claras coincidencias, como de formas, de procedementos ou metodoloxía política.

Por exemplo, a Autodeterminación e un obxectivo estratéxico que precisa de un proceso, condicionado pola propia evolución da sociedade galega. Non se pode partir de obxectivos abstractos, preconcebidos e dogmáticos, que non sexan capaces de adaptaren-se á dinámica real de aquela evolución que, á súa vez, está condicionada polo desenvolvemento do Estado español e o contexto europeo e internacional. O mesmo podemos dicir acerca do Auto-governo ou da loita anti-monopolista. Adaptar-nos ao proceso, sen renunciarmos aos obxectivos do socialismo e a liberación nacional, é precisamente o xeito de practicar a democracia real, a "guerra de posicións" e a "revolución das maiorías" que ten de levar a cabo o novo bloco histórico revolucionario.

O dereito á auto-organización adoita entender-se desde unha óptica restrinxida. Non se trata samente de constituír organizacións políticas e sindicais de carácter galego. Trátase do dereito á auto-organización desde todos os ámbitos da sociedade: sócio-económico, político e cultural. Isto atinxe, por exemplo, ás mesmas Asociacións de Consumidores, ún dos instrumentos máis eficaces para loitarmos hoxe contra a forma de dominio e alienación que adopta o sistema capitalista: a sociedade de consumo.

Quer dicir que auto-organización é sinónimo de auto-xestión. Outra cousa é que a meirande parte do povo galego non estea en condicións de asumir esta tarefa e precisemos de unha plataforma ampla e unitaria —a unión da esquerda—, que sexa belixerante na loita institucional e, por outra parte, facilite a auto-organización e mobilización dos diferentes sectores da vida social. Galiza non está no Terceiro mundo, non obstante, polo que a súa evolución ven determinada polo contexto europeo. A fórmula non pode ser, portanto, o partido marxista-leninista que dirixe o Frente de Liberación Nacional. O que hoxe está a procurar-se é a unión da esquerda, aínda que de xeito confuso. A clave está, pois, en inventarmos a nova fórmula que, ao noso xuízo, samente pode ser coherente mediante unha definición e praxe radicais.

As primeiras contradicións

Támén implica un proceso a loita por transcendermos os marcos autonómicos e constitucional. Resulta absurdo declarar-se visceralmente anti-autonomista e anti-constitucionalista, cando o Estatuto e a Constitución española son o produto da correlación de forzas existentes no momento da súa elaboración e aprobación. Trátase máis ben de incidir eficazmente nas contradicións concretas para conciliar ás clases traballadoras e populares acerca da necesidade de superarmos aqueles marcos, favoráveis ás clases dominantes.

Así, a mesma Alianza Popular veu-se na necesidade de facer concesións e contradicir os seus propios principios, con motivo da absorción de Fenosa por Uesa. As críticas que lle chegaron desde os meios empresariais ou da dereita constitúen probas ben claras do que estamos a dicir. A.P. e o Parlamento Galego sentan así precedentes do que podería considerarse "intervencionismo de Estado", mediante o exercicio de un marco autonómico que está lonxe de prever cousa semellante, transcendendo tamén o respecto constitucional ao dereito da economía de libre mercado ou capitalista. E isto ocorre cando o goberno autonómico aínda ven de estrenar-se... Mais a situación non está para menos e o deterioro que está a producir-se no noso país porá a A.P. ante tesituras aínda máis difíceis.

N. 192/ DO 4 AO 10 DE XUÑO/ 1982

Galiza, non obstante, a A.P. Certamente, o noso país non é máis que unha expresión *extrema* —o que non é pouco— do problema que existe actualmente para acadarmos o socialismo no mundo occidental, tal como se puxo de manifesto nos anos 60: a falta de conciencia de esta necesidade por parte das clases traballadoras, a causa do estado de benestar artificial e alienante que xenerou a sociedade de consumo neo-capitalista.

En Galiza o problema é máis grave e complexo, mais se move nas mesmas coordenadas, pois que estamos encadrados na periferia do mundo desenvolvido.

Crise da esquerda tradicional

A "Nova Esquerda" e os movementos contra-culturais dos anos 60 puxeron de manifesto a crise super-estrutural do sistema capitalista. Demostrou-se que existía unha ampla insatisfacción pola sociedade que xenerava o neo-capitalismo, mesmo nun momento de auge económico, aínda que, por suposto, artificial. A protesta viña protagonizada por sectores mui significativos: intelectuais e xóvenes das "clases medias". Coa crise económica que se orixinará pouco tempo despois, entrarán nun proceso irreversible de decadencia todas as estruturas da moderna civilización occidental: sócio-económicas, políticas e culturais.

A Revolución Industrial, por outra parte, está a agudizar as contradicións até niveis máis altos, que samente permiten unha saída non "catastrófica" ao sistema através de unha progresiva, mais tamén radical, reconversión de todos os valores: económicos, sociais, políticos e culturais. Porque a crise e a Revolución Industrial están a provocar unha acelerada proletarización e descalificación de aquelas "clases medias", antes xa descontentas, unificando de este xeito á clase obreira.

Quer dicir que, de algún xeito, está a dar-se —ou a forzar-se— a fusión da "ciencia (ou conciencia) coa clase obreira", tal como preconizaban os socialistas lassallianos. Isto, xustamente, é o que está a precipitar-se en Galiza.

Mais o fenómeno de "descenso" das "clases medias" —traballadores asalariados ou autónomos, a fin de contas—, xenera a crise do marxismo ortodoxo e autoritario —de corte leninista— e, ao radicalizaren-se as contradicións, desborda o reformismo da social democracia. A burguesía e o capitalismo monopolista aillan-se progresivamente no poder, presionados por todo tipo de movementos reivindicativos de carácter económico, social, político e cultural. De calquer xeito, este proceso está a dar-se nun momento histórico que, obviamente, difire do contexto de fins de século XIX e da situación existente durante o "crack" de 1929. Porque o mundo occidental ten aseguradas as necesidades básicas da meirande parte da poboación e a loita de clases está, portanto, atenuada e pode levar-se a cabo en condicións máis favoráveis para a clase obreira. O que produce tamén a crise do anarquismo tradicional, aínda que actualizando novas formas de aplicación de auto-xestión e o federalismo.

Notas para un debate.

O que vimos de expór está desenrolado en liñas mui xerais e apresuradamente. Aprofundar en todo isto precisaría de varios volumes ou moitos debates. Mais a urxencia que está a impór a grave situación que atravesa Galiza precisa de realizacións concretas, de unha nova infraestrutura organizativa que permita atallarmos os problemas actuais e futuros, ao tempo que se madurecen as análises e conclusións acerca de todos estes temas.

Xa non é posíbel elaborar un proxecto socialista para Galiza sen termos en conta a súa situación na actualidade. Hoxe, despois de case sete anos de post-franquismo, despois de recorrer-mos un accidentado, difícil e contradictorio proceso, é preciso facermos un alto no camiño. Os voluntarismos cegos ou as alternativas inadecuadas están a acadar as súas propias limitacións.

Galiza está aínda a verificar seriodamente a transición de unha sociedade rural a outra urbana, cando xa estamos a entrar na sociedade post-industrial. Esta é a clave que responde a tantas "encrucilladas" políticas, sindicais ou culturais que se están a plantexar por todas partes. O que ocorre é que isto non pode entender-se coherente sen unha análise correcta do proceso que veu desenrolando-se desde os anos 60.

Para os que procedemos de aquilo que se deu en denominar *contra-cultura* e viñemos esforzando-nos en analizar racionalmente —non mediante ideoloxismos viscerais— a evolución das últimas décadas, o momento que estamos a vivir non constitui ningunha sorpresa. Tratava-se simplemente de cofecer a fundo a problemática histórica, sócio-económica, política e cultural de Galiza e o Estado español para sabermos, con maior ou menor acerto, o que tería de ocorrer despois da "cuarentena" franquista.

"Pasotismo" e "Desencanto" resultan absolutamente coherentes, segundo as nosas previsións. Por outra parte a Revolución Industrial —que está a incidir tamén en Galiza: advertencia para navegantes pouco avisados— non é máis que a materialización da crise do Positivismo e a revolución científico-técnica que veu operando-se desde os anos 50. Fenómenos que, xunto con outros vinculados ao pensamento occidental e á súa cultura, posúen antecedentes claros de índole política e social, remontan as súas orixes en moitos casos ao mesmo século XIX.

A decadencia do sistema capitalista, da moderna civilización occidental que se inicia no Renacemento co ascenso da burguesía ao poder, comeza a producir-se xa desde os anos cincuenta e, sobretudo, na década dos 60. Crise que, portanto, atinxe tamén ao racionalismo e materialismo mecanicista, á filosofía marxista, xunto coas súas formas ortodoxas de organizarse socialmente.

A revolución científico-técnica está a conducir-nos a niveis de verdadeira ciencia-ficción, tanto no que atinxe ao coñecemento académico ou ortodoxo, como aos denominados "campos límite" da ciencia ou investigacións de carácter paracientífico. Tudo o que anda a materializar-se aceleradamente en realizacións concretas, incidindo na mesma vida cotidiana e xenerando novas ideoloxías.

Estamos a vivir, portanto, o comezo de un novo renacemento... Conflitivo, lóxicamente, mais tamén fecundo. Neste sentido, a esquerda xa non pode xogar o rol inquisitorial e relixioso do marxismo ortodoxo e autoritario, reflexo do que asumíu a Igrexa no Renacemento. Ten de participar activa e criadoramente —mais tamén de xeito crítico— no desenvolvemento dos novos movementos sociais, culturais e ideolóxicos. De non facelo seguirá a ver-se acorralada nun círculo, que cada vez será máis cativo en relación coa súa incidencia social... E as crises serán máis profundas.

E preciso asumirmos todos estes fenómenos desde unha actitude racional, mais non desde a óptica de ideoloxías viscerais ou dogmáticas. Fenómenos que son aínda moito máis complexos do que aquí podemos expór en liñas xerais e que precisan de un novo proxecto de esquerdas, que sexa capaz de responder tamén adecuadamente a todos os movementos sociais que están a producir-se na actualidade. Nova alternativa que precisará, máis que de graus de militancia, de diferentes formas de traballo ou compromiso.

Algunhas suxerencias

Neste sentido, cumpre que teñamos claros certos aspectos:

- Estamos no *comezo* da era socialista e da sociedade post-industrial. Galiza, apesar da súa desarticulación, atraso e conflictividade social, está en condicións de iniciar un proceso mediante o que teñamos acceso á Terceira Revolución Industrial sen pasarmos por fases anteriores do capitalismo. Este proxecto ten de articular-se coherente coa loita pola liberación nacional —que, por razóns históricas, xa non pode hexemonizar a burguesía— e o socialismo.
- Os diferentes focos conflictivos que presenta a crise en Galiza:
 - Aumento do paro e crise da súa precaria industria.
 - Retorno da emigración.
 - Tránsito seródico e irracional da sociedade rural á urbana.
 - Sub-desemprego e paro encoberto.
 - Descualificación e proletarización acelerada das "clases medias".
 - Paro xuvenil.
 - etc.

c) A necesaria unión de socialistas e comunistas, como consecuencia da crise da esquerda tradicional e a recomposición das clases traballadoras, mediante un novo modelo de organización e un proxecto que podería definir-se como socialista, revolucionario e democrático.

A falta de espazo impede-nos desenvolver máis o que poderían parecer afirmacións gratuitas. De certo, estes traballos non son máis que notas apresuradas para contribuírmos a un debate que está a producir-se aceleradamente nestes momentos.

O Colectivo ZONA ABERTA, non obstante, elaborou e remiteu a diferentes organizacións, colectivos e independentes, documentos que amplían e expoñen máis sistematicamente estes plantexamentos, concretando as bases de un novo modelo organizativo e de un proxecto unitario de esquerdas, sobre a base da Plataforma seguinte:

- Criação de unha organización sócio-política, que permita a unión da esquerda e facilite a permeabilidade social, mediante unha ampla converxencia de organizacións, colectivos e independentes que, ao noso xuízo, deve capitalizar o nacionalismo.
- Potenciar unha nova alternativa revolucionaria á crise das mocidades de esquerda.
- Converxencia do sindicalismo nacionalista nunha Central Sindical Galega.
- Criação de un Sindicato Galego de Traballadores Autónomos.

Somente resta advertir que através de este proxecto habería que superar o hiper-nacionalismo "chauvinista" e relixioso, xunto co provincianismo cultural. Precisamos urxentemente de unha nova política cultural...

Cantas veces non teremos insistido nisto (nós e outros)? Será esta a última...

Constantino Rábade C. é Membro do Colectivo Libertario ZONA ABERTA.

De feira

A Estación Marítima de Vigo bule nestes días coa 1ª mostra industrial e artesanal. Como ensaio parécenos interesante, inda que non sexa máis que unha acumulación dos escaparates comerciais da cidade nun local único. Vigo carece de feiras periódicas que como a quincenal de Pontevedra sirvan de grilón co pasado e de incentivo para o futuro.

Esta mostra coincide coa *Semana Verde* de Silleda e con *Fexdega* de Vilagarcía, as dúas xa feiras establecidas e cada ano de maior volume.

A funcionalidade destas feiras é múltiple. A nós fannos lembrar as velhas feiras que enchían todo o país. Desde o medioevo temos constancia dalgunhas. Acadaron o seu maior desenvolvemento nos séculos XVIII e XIX influíndo en moitos aspectos da vida galega.

Nelas multiplicábase o comercio interior non só o comarcal. Os tratantes recorrían parte de Galiza o mesmo que algúns administradores de grandes casas. A produción gremial superaba os encargos locais e competía en espazos máis amplos. Pero quizas o aspecto máis ubícuo fose a participación dos habitantes da bisbarra no remexer da vida política e cultural. Cada feira convertíase nunha central de novas, as cántigas de cordel íban de norte a sul do país e mesmo chegaban do interior da península. Cada transacción nos tourais, nas ruas e nas tendas convertíase nunha secuencia teatral: as puxas, as subastas, o chalaneo criaban escenas de singular atractivo.

A feira era festa, descanso, comunicación e non poucas veces terminaba como as festas patronais con duras requeixas entre distintos barrios e sectores. Por un día ou dous ao mes as vilas que centralizaban as feiras deixaban de ser as sanguezugas das aldeas para confraternizar no traballo mercantil.

Nas novas feiras observamos como se intenta xunir o comercial con actuacións culturais. Bon camiño pero o importante nesta mutación é animar a actuación popular criadora, protagonista, non espectáculo senón acción cultural.

Importante nas feiras estivo o espazo máis comunitario que superaba a parroquia e camiñaba cara unha maior unidade. Atención a estes sinais do futuro.

Malvinas: Final do aventureirismo

A semana pasada asistimos ao final militar da aventura do Goberno argentino na guerra do Atlántico Sul.

Se o goberno de Galtieri foi capaz de manipular a dignidade dun povo colocándose ante a defensa dos seus dereitos ou a súa cesión, o de Margaret Thatcher atreveuse a manter o colonialismo máis oprobioso apelando a todos os medios: pirataría a mar aberto, envío dos "gurkas", tropas denunciadas desde os días de Gandhi como vesania, desprecio do dereito continental de América e afirmación implacable do imperialismo. O final descalificou á "Junta Militar" de Arxentina que agora dimite e deu ao Reino Unido unha vitoria pírrica.

Non é so que a actuación de M. Thatcher, esa fémia inhumana, nos provoque noxo é que a democracia dun país que aguantou un tal goberno por si mesma se degrada. E que o resultado do aplastamento do exército argentino está modificando a conciencia de América Latina, cada día máis clarificada e máis disposta a oporse aos opresores, sexan USA ou o Reino Unido. Esta guerra incalificábel co sacrificio de mozos inocentes e co despilfarro dun país que aguantou un tal goberno só pode ter un punto positivo: despertar dunha vez a conciencia de todos os povos para acabar coa prepotencia imperialista duns poucos. A NOS COMO GALEGOS tócanos este despertar, porque os nosos males teñen moito que ver co dominio do imperialismo.

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora

Promocións Culturais Galegas, S.A.

Presidente do Consello de Administración

Francisco Carballo Carballo

Conselleiro-Delegado

Xoaquín Acosta Beiras

Director

Xosé Manuel Currás Rua

Redacción

Alfonso Eyre, Xan Carballa, Xosé Amador

Correspondentes e Colaboradores

Nacional: Xan Carballa, Marco Breixo, Fernando Franco, Xesús Torres, Luis Muriel, A. Loureiro, P. Arrizado, X.A. Suárez, Furabolas, Antón Tremoedo, Suso Piñeiro, Emilio Romero.

Estado: Jordi Fortuny, Antón Fernández, Mugarra, Pablo Viz, Manoel Veiga, Xosé Loisiro.

Domingo Prieto, Carlos Durán, A.P. Dasilva, X. Marin, Xosé Lois, Carlos Rodríguez Silva, Ernesto Noceda, A. Ruas, Begoña Moa.

Fotografía

Santi Villar, Andrés, Tino Viz, Nivardo.

Redacción e Administración

Doutor Cadaval, 21, 2.º, of. 11. Apartado 1371. VIGO.

Teléfono (096) 22 24 05

Imprenta

Editorial Iparraguirre, S.A. Ibarisui, 3 - Bilbao.

Depósito Legal: BI-1121-82

cartas

DESTRUÍDE, QUE MANDA O AMO!

Nas páxinas centrais do número 185 de A NOSA TERRA, pódese ler un artigo sobor das resolucións que o "esgrévio" concello de Noia —coa loubábel oposición de algúns concelleiros— ven de tirar repeito da ubicación da antena de T.V. No mesmo artigo reproducíase algunhas alusións do alcalde e dun municipio ao mesmo tema.

Nas súas manifestacións amósanse ambos os dous como verdadeiros paladins da cultura galega e dos fitos históricos que a sosteñen. Sobor de todo, verbas como "máis votos dan os mundiais que o castro" son meredentes de figurar por dereito propio no elenco das aseiradas "culturísticas" ao estilo de "viva a morte, abaixo a cultura".

Nestas actitudes ben se ve o pau no que están traballados moitos dos nosos representantes. E eu dígome: Son estes os demócratas adiantados que loitan pola nosa Terra? Son estes os cerebros luminosos que poñen as súas ideas positivas e limpas ao servizo da xente que os elixiu? Son estes os corazóns fortes e capaces de acometer —ou mesmo de posibilitar— a transformación en profundidade das vilas e cidades galegas? E sigo a preguntarme: Qué dereito teñen os partidos a nomear como candidatos a persoas nefastas e finchadas, que engulen, votos, dirixen votos e cagan votos? Con qué visión de porvir escollen xente que, lonxe de construír, desfai; en lugar de alentar, abafa; debendo que servir ao povo, ignora e sèrvese del? Se un partido non reprende aos seus membros descamiñados, faise roe de sospeitas, hai que o culpar de protexer actitudes vituperábeis de cara á colectividade, de fomentar a montaxe de estruturas partidárias ocas e valdeiras que sobrancean como espantallos a paisaxe viva e

poliforme da nosa sociedade real.

A miopia histórica aínda se podería aturar neses municipios fanáticos, un chisco esperpénticos, almas de papeleta, privados de toda forma persoal de pensar, vendidos en corpo e corazón aos traficantes da política "veña a nós", máis que os partidos, sabendo de qué material humano dispoñen, lles dean enriba azos e aplausos as súas desfeitas, reborda calquera explicación racional, faise simplemente impensábel para toda mente non contaminada pola política raposeira á que tentan afasos os partidos máis votados.

Xentes que teñen a provocadora ousadía de esmigallar un irrepetíbel anaco da nosa historia coa demagógica excusa dos mundiais, deberían ipso facto ser destituídos dos seus cargos e xulgados como destruidores do patrimonio histórico-artístico do noso povo. Abate e agrima comprobar que, mentras noutras nacións xúntase o progreso coa protección e o estudo serio e sistemático dos seus monumentos e do seu arredor físico, na nosa, os modernos inconoclastas de caste política fan e desfán ao seu antollo. Onde están as respostas oficiais que poñan a pexa a estes indocumentados "non tanto"? Onde están as reaccións dos responsábeis da nosa cultura diante destas mostras repetidas de vandalismo? Qué fan eses persoeros que teñen a obrigaçión de protexer o noso pasado para que o noso futuro sexa máis claro e máis consciente? Que qué fan? Todos podemos chegar á resposta: Nadiña! Como o vello can sentido diante do fonógrafo, escoitan só a voz do seu amo, e este fixo, fai e fará canto poida por asnaquizarlos, esfrangullálos, por dinamitar até o máis ínfimo recanto da nosa identidade, por alienarllos, asimilálos e engulílos. Os dinamitadores témoslos dentro e é ben doado coñecelos. O feito de engulir é moito máis pe-

rigioso. Os mariñeiros saben que o peixe grande pode enviar o pequeno cando o enbulla con xeito, mais cando o colle a contra escama e a contra serro, por moi ampla que teña a gorxa, pode esganar coa maior facilidade.

XOAN FUENTES CASTRO

NAS FESTAS DA ASCENSION

Compostela, sábado 22 de maio do 1982. Festas da Ascensión: Convocatoria de sons e cheiro a pólvora; ilusos nos recunchos, lambetadas; estrelecidas ledas, rapazas loiras, estoupido de ruas coa frouceira da troula; e arreendo de festa, de noites longas.

Remata a festa oficialmente, e dirixímonos como é tradicional, a Quintana, rodeados de pacífica ledicia.

De súpeto, siniestras sombras negras surxen como da nada e comezan a amolar á xente dicíndolles "váyanse de aquí, a la Alameda o a donde quieran, pero aquí no puden estar". Un sinxelo "¿qué pasa?" de alguén, é suficiente para que os membros do servizo nocturno da Policía Municipal, porre na man, dean en mallar na xente, sin máis. Logo dunha media hora chegarían os policías nacionais: "estamos desalojando la plaza en cinco minutos; quien quiera quedarse se quede, allá él".

¿Chámalle a isto manter a orde? Pero, ¿qué orde? ¿E que está prohibido estar alegre? ¿Mólestalle ao poder a alegría dos demais?

O que si está moi claro é que na rua nen a Quintana son deles: A QUINTANA E, E SEMPRE FOI NOSA.

XOSE MARRA QUIROGA SANTIAGO

OS INDEPENDENTES E A UNIDADE DO NACIONALISMO

Un fato de nacionalistas independentes, é dicir, non organizados en ningún partido, asamblea ou colectivo político, vimos de ter un encontro o pasado sábado día 29 co obxecto de tratar o proceso de unidade do nacionalismo que se está a encetar e o noso papel nel.

Por unha banda concluímos na necesidade de dotarnos dunha estrutura e coordinación mínimas, que permitan a nosa participación activa no mentado proceso e non quedar como meros comparsas no seu desenvolvemento, subordinados á iniciativa exclusiva dos grupos políticos participantes, senón, por contra, tratando de enriquecelos coas nosas aportacións colectivas.

Doutra banda consideramos que o noso papel estaría baseado fundamentalmente en tratar de superar as dificultades nas relacións entre os distintos partidos e colectivos nacionalistas para acadarmos a unidade que nestes intreiros se fai imprescindible, centrando naquilo que máis nos une e respetando o dereito a que cada organización defenda as súas teses, como tal, naquilo que máis nos separe. Así como tamén en garan-

tir que o proceso sexa verdadeiramente constituínte, democrático, pola base, aberto e transparente, cunha clara tendencia á avenencia política evitando liortas do pasado inmediato ou lonxano que fagan que as discusións se polaricen en exceso e que por estas cuestións, marxinais ao proceso de fondo, se descolgue alguén.

Deste xeito quedou claro que a nosa misión non é presentar nengunha alternativa política porque iso anularía a nosa definición como independentes senón máis ben conciliar as existentes, vencidos de que as diferencias entre elas non son insalváveis e que con vontade unitaria todas teñen cabida na nova organización que se trata de facer, sendo na súa estrutura onde si plantexaremos opcións de cara a que sirva a unha adhesión masiva dos nacionalistas galegos que vexan nela a posibilidade de traballar comodamente sen manipulacións de nengun tipo.

Por último valoramos moi positivamente este esforzo de converxencia dos distintos grupos políticos por chegaren a acordos unitarios, reflexo da madurez que está acadando o nacionalismo ao

tempo que facemos votos para que os que son e aínda non están se sumen a un proceso no que as alternativas van ser discutidas de forma asamblearia, pola base, sen a peneira duns cúmicos controladores da información e monopolizadores do debate político. Por respecto a uns militantes que coideamos teñen dereito a discutir as distintas alternativas existentes con todos nós, ese "outro nacionalismo" debe participar, sen prexudicios apriorísticos e estando de acordo, como así parece, cos principios mínimos do "Chamamento para Unidade do Nacionalismo", neste proceso.

Como epílogo e acolléndonos á benevolencia do seu período damos os nomes e teléfonos de referencia para todos aqueles nacionalistas independentes que queiran coordinarse con nós, segundo as ideas expostas, para irmos xuntos neste proceso de unidade da maioría do nacionalismo.

Santiago: Encarna Otero, Teléfono 59 51 32.

A Cruña: Xacome Santos, Telf. 22 14 54

Vigo: Manuel Sendón, Telf. 22 85 47

Congreso do PSOE

Gañou o mercantilismo

Antonio Rodríguez resultou elixido como Secretario Xeral do PSOE en Galiza no Congreso Extraordinario celebrado o domingo día 20 en Lugo, ao derrotar a Miguel Barros por unha marxe d aínda non oito puntos.

Na candidatura gañadora figura como presidente Manoel Couce, que substitúe así no cargo a González Amadiós, que se presentaba á reelección na candidatura perdedora, na que ía como Vicesecretario Xeral Ceferino Díaz.

A corta marxe acadada pola candidatura gañadora deixa abertas as portas á conflictividade neste partido, sobretudo se se conta que entre os seus integrantes só hai un parlamentario galego, polo que valles ser difícil fiscalizar a súa actuación na cámara autonómica.

O sucedido o domingo en Lugo no Congreso Extraordinario do PSOE non é máis que a aplicación práctica para Galiza da súa política a nivel estatal, que non é única senón que está en íntima relación coa do resto das forzas estatais (AP, UCD e PC), que pretenden recortar os poderes autonómicos e arrinconar por todos os medios ao nacionalismo. A LOAPA — pactada entre os partidos maioritarios — non é máis que unha mostra e o 23-F a data de partida deste cambio de política.

O triunfo da candidatura de Antonio Rodríguez, co apoio do antigo Secretario Xeral, Francisco Vázquez e de Manoel Soto — que afirmaba ía presentar unha candidatura, desde Madrid — non é, que din o primeiro paso para a posta en práctica da nova política do PSCE, encamiñada a conseguir instalar a Felipe González na Moncloa, cun partido por detrás fidel aos ditados dos seus líderes estatais.

A MANOBRAS DE FRANCISCO VÁZQUEZ, DIRIXIDA E ENCAUZADA DESDE MADRID

O que moitas veces se ten calificado como unha arrouta unilateral de Francisco Vázquez no tema da capitalidade e a súa dimisión que levou a este congreso extraordinario celebrado en Lugo, non foi máis que unha hábil manobra manexada desde Madrid por Alfonso Guerra, que sempre tentou arrinconar a aqueles militantes galegos que, se ben non conforman un sector nacionalista como queren facer ver algúns, si son un grupo que fai predominar a política de Galiza sobre a do Estado, e isto por unha cousa: porque saben que a este nivel non teñen nada que facer.

Francisco Vázquez gañaría así puntos nos sectores coruñeses, encontrando ao mesmo tempo unha boa desculpa para dimitir.

Así foi como se chegou a este congreso e como puideron lograr unha correlación de forzas, baseada sobre todo no mercantilismo de postos electorais para as xerais, que parecen estar á volta da esquina,

xa que doutra forma non se explica a inclusión na lista encabezada polo novo Secretario Xeral de militantes da comarca de Arousa, desde sempre enfrentados co aparato galego.


Nestes pactos, entrou a xogar tamén Manoel Soto, Alcalde de Vigo, que parecía ao principio que se ía presentar para o posto de Secretario Xeral en Galiza e que finalmente desistiu diante das promesas feitas cara as novas eleccións.

Desde Madrid xogaron todas as cartas ao seu alcance — todos os resortes do aparato — para tratar de apartar dos puntos de dirección do partido en Galiza a todos aqueles que non foran fideis á política marcada desde o aparato andaluz-madrileño, definida como unha "política responsable de Estado".

Non que xa se puxo de manifesto despois do Congreso de Betanzos, onde se empezou a falar xa do defenestramento de Ceferino Díaz. Agora conseguírono, con moi poucos custes e asegurando que estes leven no parlamento galego unha política — cara a galería claro — autonómica galega, que en certo modo vai enfrentar aos dous sectores xa que no Parlamento Galego en meirande presenza a liña "autonómica". Por outra banda aí van estar os integrantes das listas do PSCE en calidade de independentes e cuxos vínculos eran precisamente coa anterior executiva defenestrada.

O TEMA DA CAPITALIDADE

Intimamente relacionado con este Congreso Extraordinario está o tema da capitalidade — foi o pretexto — que será debatido o mércores, por máis que cando nós saíamos á rua o asunto xa estará zanzado. Pero despois do debate do mércores, aínda na Coruña van queimar algúns cartuchos como salvos de despedida. Así, non é de estrñar que se produzan algunhas dimisións sonadas no seo do Axuntamento coruñés. Se cadra, cando vostede estea lendo isto xa se teñen producido. Serán os últimos coletazos. Logo virán a recomposición e as lamentacións.



Constituída a comisión xestora da unidade nacionalista

Segundo o proceso encetado hai unhas semanas a nivel nacional, estanse a reunir nas distintas capitais e comarcas as distintas forzas políticas que van formar unha organización unitaria nacionalista cuxa Asamblea Constituínte vai ter lugar previsiblemente no mes de setembro.

As forzas integrantes (AN-PG, ERGA, Grupos Nacionalistas Independentes da Coruña, Santiago, Lugo, Vigo e O Condado, Galicia Ceibe, ANG, Colectivo Libertario Arco da Vella, PSG e UPG) están a constituir as distintas comisións xestoras comarcais, despois de terse xa constituída a "Comisión Xestora Nacional".

Estas xestoras comarcais fan un chamamento a todos aqueles que se encontren interesados na unidade do nacionalismo, ao mesmo tempo que recollerán todas aquelas propostas e suxerencias que se queiran facer, tanto no referente aos principios políticos como no aspecto organizativo, convocando asambleas para discutir estes puntos e chegar a unha Asamblea Constituínte que deixará totalmente configurada a organización.

Parece ser que para o Día da Pátria Galega xa estarán rematadas estas asambleas comarcais.



Marcha pola paz Fene-Ferrol

O día dez de xuño, coincidindo coa presenza do Presidente do Goberno español na sé da OTAN, cerca de dous milleiros de galegos amosaban a súa oposición á entrada na devandita organización armamentística, á nuclearización e abogaban pola paz mundial. A marcha comezaba cos augúrios represivos do inefábel gobernador Aguerre, cunha nutrida representación de unidades antidistúrbios, que fixeron sentir a súa presenza, tal e como se apreciaba na fotografía. Sob a ameaza textual de que aplastarian aos manifestantes se se berraba ou se facía referencia ao 23-F, recorréronse os 5 quilómetros que hai de Fene a Ferrol para finalizar na Praza de Armas desta cidade, lugar no que se dirixiron aos manifestantes os representantes das forzas políticas convocantes.

NOTAS PARA O DEBATE DO NACIONALISMO DE ESQUERDA

XOSE GARCIA CREGO

O PASADO RECENTE

1976. O anuncio de eleccións nunha situación de permisivismo controlado/planificado, facilitou a primeira ruptura de transcendencia no seo da UPG, con repercusións posteriores no Consello de Forzas Políticas Galegas, até o punto de facelo desaparecer. Fórmase a UPG-IP que pasará, en Congreso Extraordinario, a chamarse PGP.

1977. Rematadas as eleccións, nova escisión; esta vez, pola dereita: o POG.

1978, decembro. Celebrado o Referéndum da Reforma, novo anuncio de eleccións: significa o remate das apenas encetadas negociacións para a constitución dunha Mesa Consultiva do nacionalismo. (PG, POG e PSG coaliganse axiña na efímera UG; o Bloque "ignora" toda conversa). O PGP boicotea as lexislativas e, ante a falta de acordo para as municipais, faise unha candidatura nacionalista de esquerda que concorre en Vigo, que sería, xunto ao conflito de Asón, punto de partida de Galicia Ceibe.

1981. Eleccións ao Parlamento. Concorren, nalguna provincia, até cinco opcións: de ámbito galego: PG, EG, IG, Bloque-PSG e GC —que se retira, reclamando o Boicot—. A consecuencia é un fracaso do nacionalismo reformista que apenas si consegue representación, sendo reducidos ao rincón do Grupo Mixto.

O comportamento das forzas políticas de dirección galega ante a Reforma pos-franquista pasou por fases distintas, cunha tendencia xeralizada á dereitización. Se no Referéndum do 76 a Abstención era a consigna asumida, de súpeto, todo cambia para case todos, e o abstencionismo político pasa a ser, para case todos, o nemigo a combater, o fantasma sen xustificación. E, paradoxicamente, o abstencionismo popular non para de medrar até o glorioso, histórico e silenciado 72 por cento de abstención no Referéndum autonómico.

Como ovellas, o nacionalismo —non digamos xa "os outros"— participa, sen pensalo dúas veces, en canta consulta programa o Poder. Só a UPG-IP, o PGP despois, Galicia Ceibe-OLN e algúns colectivos seguen a denunciar a mentira eleitoral e chaman ao Boicot.

Entre os concorrentes ás eleccións, só o PSG, no 77, efectúa unha campaña de esquerda, de denuncia das condicións en que se celebran as eleccións. Logo, todo será unha historia de concesións.

Dase por feito que hai que ir ás eleccións, con todas as da LEI, "para non ser marxinalizados", "para non ser reducidos a mera testemuña", "...Non se plantexan, tan sequera, posturas intermedias de concurrencia e, ao tempo, de denuncia no fondo e na forma (tipo HB, en Euskadi). Non, aquí, resulta "natural" que hai que acudir á chamada do pastor, sen pararse a pensar no que isto conleva: quizais o auto-sacrificio?

O DEBATE, EN MARCHA

Inda que non o pareza, todo isto ven a conto, agora, cando enceta o verán do 1982, e cando o nacionalismo e os revolucionarios de Galicia topámonos en pleno debate do que desexamos significar unha clarificación máis definitiva do panorama político e social da nación.

Mentras EG celebra un congreso no que se van consagrar as neo-decadentes teorías da vella traición, importadas da Europa dos impérios; o nacionalismo de esquerdas reúnese e acorda un método para ver de construír unha alternativa política e orgánica capaz de aglutinar e mobilizar a quen, en Galiza, desexan e están dispostos a cambiar, pero en serio.

Constituíuse xa unha Xestora nacional, na que están representados a ANPG, Galicia Ceibe-OLN, PSG, UPG, a organización estudantil ERGA, e varios colectivos de independentes, como "Arco da Vella", ANG, grupos de Santiago, do Condado, da Coruña e Lugo. Unha comisión procede, nestas datas, a ordenar e preparar un documento que contemple as distintas aportacións programáticas e estatutarias presentadas para, a partir do día 27 de xuño, abrir un debate nas distintas localidades de Galiza e da emigración, que culminará nunha Asemblea Constituínte, a celebrar a primeiros de Setembro. Para organizar este debate, de características absolutamente abertas, está a formarse xa Xestoras Locais dinamizadoras do proceso.

Dinamización que compre acelerar e levar a efecto, pois o boicot a que a maioría da prensa editada en Galiza somete todo o relacionado con esta alternativa, impide facer extensiva a toda a poboación de Galiza, as novas que se van producindo, os pasos que se van avanzando e o carácter plural e aberto da metodoloxía adoptada.

PROPOSTA POLITICA E ORGANICA DE GC-OLN

Galicia Ceibe-OLN ten as súas propias ideas sobre o que debe ser a formación política unitaria do nacionalismo de esquerdas. (Inda que, de entrada, manifestamos a nosa postura aberta e dialogante, sabedores de que todos teremos que ceder algo para chegar ao acordo).

Considerada globalmente, a nova formación política deberá ter un contido de loita pola liberación total de Galiza, de ruptura da dependencia colonial e plantexar como obxectivo a instauración dun Estado Socialista Galego; no táctico, o programa a medio prazo, deberá contemplar o enfrontamento ao Réxime da Reforma, co seu Estatuto de Autonomía e a súa Constitución, propondo como obxectivos a Ruptura Democrática, que supoña a democratización real do aparato do Estado, así como a apropiación de niveis aceptábeis de autogoberno, que faciliten o avance popular cara a independencia.

En canto aos métodos de traballo, destacamos: deberase pular unha tendencia xeral á auto-organización de todas as clases populares, cara a construción dun Frente de Liberación Nacional que conduza ao povo deica a vitoria; propiciar a unidade do sindicalismo de dirección nacional cara a Central Unica e Galega (asamblearia e anti-pactista); propiciar e pular a auto-organización agraria e a dos marifeiros; reactivar e consolidar os movementos veciñais de todo tipo; pular por un amplo Frente Cultural de defensa do idioma e por unha Galiza monolíngüe e monocultural, favorecer a Federación de Asociacións Culturais; apoiar o movemento pola Amnistía e contra a represión e a súa organización específica, as XuGA; apoiar os movementos populares de carácter ecoloxista, de defensa dos sectores sociais marxinalizados, e de loita pola paz.

E topámonos, de novo, co do principio: as consultas eleitorais a que nos someta o Estado Imperialista Español. Galicia Ceibe-OLN considera que a postura debe ser diferente segundo

as eleccións de que se trate, e o momento político en que se celebren.

En canto ás Municipais ou ás eleccións a Cámaras Agrarias, deberase acudir cun programa nacionalista e popular, e ocupar postos nos organismos correspondentes. (Os cargos eleitos deberán estar sempre supeditados ás decisións das asembleas de base).

Cando sexa do Parlamento, demostrar a nosa oposición á Autonomía mediante un rexeitamento comprensíbel polas masas (sexa mediante a Abstención razonada e activa, sexa mediante outra fórmula de boicot e de denuncia).

E no que se refire ás eleccións ao Parlamento de Estado, deixar clara a oposición dos nacionalistas de esquerda ao Réxime e aproveitálas para a Ruptura democrática. Aquí introdúcese unha alternativa de constitución dunha plataforma, un GA-LEUSCA dos movementos de liberación nacional e rupturais a nivel de Estado.

Conforme a estas perspectivas políticas, a estrutura interna da formación política unitaria —para a que se aportan nomes como "POBO UNIDO", ou "NOVA TERRA", ou "TERRA CEIBE" ou calquer outro que a imaxinación crie—, deberá combinar o asambleísmo de base, coa presenza das organizacións políticas que a historia de Galiza ten lexitimado pola súa loita de anos a prol da liberación total do noso povo.

Así, a nivel local, o funcionamento sería asambleario puro, e nos niveis de zona e nacional introduciríase a representación das organizacións políticas integradas na alternativa. Isto contribuiría a dar estabilidade, marcaría o carácter frentista e favorecería o debate plural.

Construír esta nova organización, que agrupe aos nacionalistas de esquerda, que loite pola liberación total e a independencia, de carácter rupturista, mobilizadora das clases populares, é a tarefa do momento.

Compre chegar a acordos de fondo, non supeditados a posturas eleitorais, conxunturas que, como temos dito, son factor de división e non de unión.

A formación política unitaria deberá establecer a unidade de acción, en Galiza, coa esquerda estatal rupturista, como se ven facendo nos derradeiros tempos. No Estado, coordinar no posíbel a loita coas formacións políticas de Euskadi, dos Países Cataláns, de Canarias, con programas e práctica rupturista e de liberación nacional.

25 DE XUULLO: "GALIZA NACION"

Este 25 de xuullo debe significar, xa, unha mostra do futuro inmediato de Galiza. Un futuro de insumisión, un futuro de claridade nos comportamentos políticos, un futuro onde os principios non se cedan a cambio dun "status" que só a "eles" interesa.

Neste 25 de xuullo, baixo o lema xeral de "GALIZA NACIÓN", denunciaremos o Réxime español e a farsa autonómica; consolidaremos a unidade nacionalista de esquerdas e todos reclamaremos a liberdade dos nacionalistas presos e a Amnistía Total.

Xosé García Crego é membro de GALICIA CEIBE-OLN.

RADIO GALICIA

SER

¡A RADIO!

San Pedro de Mezonzo, 3

Santiago de Compostela

Aprobado o documento do Fronte nacionalista

O día vinte e sete de xuño quedou perfilada definitivamente a Alternativa Política do Fronte Nacionalista Galego que se está a construír, pola xunta xestora reunida en Santiago.

Este documento que reproducimos aquí polo seu interese para o pobo galego, vai ser discutido polas diferentes zonas.

1.-ADRO

Todas as forzas políticas, organizacións, colectivos e persoas que asumimos a formulación dunha alternativa unitaria do nacionalismo, facémolo convencidos de que son máis os criterios que nos unen, nesta etapa histórica, que os que nos separan. Asemade, coincidimos en que a formulación orgánica da unidade necesaria debe facerse a partir do respecto pola diversidade ideolóxico-política que constitúe o nacionalismo real. Partindo deste respecto, é posíbel unha unidade de acción, a existencia dun campo definido e eficaz de militancia común, que faga máis operativos os esforzos por unha Galiza liberada. Esta unidade, non obstante, para ser ferramenta útil e positiva para o noso pobo, ha basearse en puntos mínimos, pero perfectamente definidos e irrenunciábeis, sen os cales estaríamos a constituír un fraude político.

Trátase de facer unha organización o máis ampla posíbel que posibilite a penetración do nacionalismo no tecido social galego; por iso, necesítase unhas estruturas abertas, democráticas, autónomas, áxiles, participativas, combinando todo isto cunha certa disciplina e eficacia para facela efectiva.

Trátase de organizar a resistencia do pobo galego, o avance do nacionalismo e clarificar a situación política da nosa nación en todos os eidos posíbeis de traballo común. Así, verifícase de:

1.-Propiciar a unidade do sindicalismo nacionalista nunha única central sindical que hexemonee os procesos tendentes a superar a división do movemento obreiro galego, no camiño do obxectivo devandito.

2.-Reforzar a introdución social do nacionalismo nos sectores labrego e marifeiro.

3.-Utilizar a vía política, que supón combinar axeitadamente o traballo organizativo, de mobilización e loita, de concienciación do noso pobo, sen deixar nengun campo valeiro, desde as institucións até a s platáformas de masas, concurrindo aos procesos electorais, sempre que servan como ferramenta de clarificación e avance para a conciencia nacional.

4.-Promover e potenciar calquera iniciativa de auto-organización das clases populares, que non sexa contraditoria cos nosos principios cidadáns, veciñais, ecolóxicos, culturais, feministas, mocidade, estudantil, grupos marxinais, etc...

5.-Combater o confucionismo político mediante a clarificación e identificación dos inimigos e dos perigos que está a correr o país, e estudo dos métodos máis aconsellábeis para defender os intereses das clases populares e a identidade nacional de Galiza.

2.-PRINCIPIOS IDEOLÓXICO-POLÍTICOS

(1) GALIZA E UNHA NACIÓN e, polo tanto, ten dereito á autodeterminación política que, de ser real, ha concretarse nunha alternativa de Soberanía Nacional. O Povo Galego, consecuentemente, ten dereito a exercer o Poder constituínte que desemboque na necesaria creación dun Estado propio. Esta é a única maneira de que o exercicio da Soberanía Nacional sexa unha realidade.


(2) GALIZA E UNHA NACIÓN e, polo tanto, ten dereito á autodeterminación política polo que o Povo Galego, consecuentemente, ten dereito a exercer o Poder constituínte que desemboque na necesaria creación dun Estado propio.

—DEMOCRACIA: o principio democrático é fundamental como inherente ao exercicio do poder polo pobo, en condicións de igualdade e liberdade real e non só formal.

—ANTIMONOPOLISMO E INTERESES POPULARES: A política democrática debe estar encamiñada á defensa dos intereses do pobo e dirixida á liquidación dos monopolios.

—AUTOORGANIZACIÓN: Consideramos básico o principio de auto-organización nacional (sindicatos, partidos, organizacións

N. 195 DO 2 AO 8 DE XULLO DO 1982



de masas...) para defender axeitadamente os intereses da nación galega, rexeitando toda clase de colonialismo político de calquera tendencia ideolóxica que sexa.

—GALICIA E O COLONIALISMO.— Partindo do feito de que Galiza está sometida a unhas relacións de dependencia colonial, a actividade política encamiñase a tronzar esa dependencia.

—ANTIIMPERIALISMO.— Para a nosa política, dirixida á consecución dunha Galiza liberada, é clave o principio do anti-imperialismo militante, polo que a organización se define pola solidariedade internacional e apoia todas as loitas dos povos do Estado e do mundo por acadaren a súa liberación nacional. Xa que logo, somos contrarios ao Mercado Común e á OTAN por seren organizacións, a nivel económico e político-militar, que representan os intereses dos grandes monopolios e do imperialismo europeo-occidental e americano.

—PAZ MUNDIAL E DESARME.— (A Organización defínese pola paz mundial e o desarme.

MODELO SOCIAL.— A Organización unitaria do nacionalismo encamiñará a súa actividade a establecer en Galiza un modelo social que teña como liñas directrices:

—Mellora das condicións de vida e traballo de todo o pobo, asegurando un nivel de vida digno na propia Terra; rematar co paro e recuperación escalonada dos nosos emigrantes.

—Nacionalización dos recursos financeiros e dos sectores básicos da economía.

—Inversión do aforro galego en Galiza.

—Industrialización de Galiza partindo dunha explotación racional dos seus recursos.

—Estruturación da economía pesqueira e realización dunha reforma agraria coa participación dos labregos e marifeiros respectivamente, en función dos seus intereses.

—Reforma urbana e ordenación do territorio, partindo da realidade histórica e xeográfica do noso País e en función do interese social.

—Instauración dun servizo nacional de saúde, gratuito para toda a poboación.

—O Ensino estará en función dos intereses populares e enraigado na realidade galega, sendo, ademais, laico, estatal e coeducativo.

—Acadar a normalización do idioma e cultura, chegando a conseguir que o galego sexa, na práctica, o idioma de Galiza.

3.- O MARCO POLÍTICO

—O Nacionalismo galego está pola superación do actual Réxime político, por canto representa a negación explícita e agresiva dos principios anteriores e atenta gravemente contra as liberdades fundamentais para os cidadáns e as Nacións que integran o Estado Español. Neste último aspecto, loitaremos pola consecución de amnistía para todos os presos nacionalistas e anti-fascistas, pola democratización real do aparato administrativo do Estado, incluíndo a policía, a xusticia e o exército, e defenderemos o exercicio das liberdades democráticas, en especial a liberdade de expresión.

—A Constitución española é a plasmación legal da negociación da nosa soberanía nacional, consagra unha orde económico-social capitalista e posibilita, ademais, o recorte ao exercicio das liberdades democráticas, feitos polos que non a aceptamos.

—No marco autonómico non teñen solución os problemas de Galiza, e ten que ser superado cualitativamente. Aínda unha autonomía dotada de todo o contido que permite a Constitución, pola súa propia natureza, é incapaz de servir para resolver a nosa problemática, aínda que, funcionase optimamente.

—A nosa actuación política, no contexto formado pola Constitución e a autonomía, non o lexitimará, e agudizaremos as contradicións existentes, actuaremos con iniciativas que supoñan o aumento da conciencia política e nacional do noso pobo, a mellora das condicións de vida e a creación de condicións obxectivas que permitan a súa superación.

Tres posturas sobre o Fronte Nacionalista

Asamblea de nacionalistas galegos

O Colectivo "Asamblea de Nacionalistas Galegos" reunido en Asamblea o pasado día 11.07.82 acordou retirarse do proceso de constitución dunha nova organización política nacionalista, ao ter constancia de que os prepostos mínimos que habian de configurar e que nós víñamos defendendo non eran compartidos nen defendidos polas restantes organizacións políticas que constitúen a Xestora Nacional, quen de xeito unánime elaboraron e aprobaron un documento unitario para pasar á discusión das respectivas asambleas, ao tempo que se negaban a aceptar e distribuír en pé de igualdade o documento presentado polo noso colectivo.

Entendemos que a nova organización que se tenta montar non é a organización democrática, asamblearia e plural que hoxe precisamos para dar cabida a participación a cantos queiran traballar pola liberación nacional e social de Galicia; trátase por contra dunha plataforma de lanzamento para uns poucos partidos e organizacións políticas, que unha vez máis antepoñen os seus concretos e particulares intereses aos intereses do pobo galego. Neste senso consideramos significativa a presa por rematar o proceso de constitución da nova organización, só explicábel desde a perspectiva de ter todo completamente amañado para cando cheguen as eleccións xerais, hipotecando incluso calquera intento de debate serio e construtivo.

Neste documento unitario nada se di respecto do espazo político a cubrir pola nova organización, non se fala nen duns estatutos nen do programa mínimo de actuación inmediata que dean coherencia e dinamismo á nova organización. Propónse xunto a unha representación directa e democrática das respectivas asambleas nos órganos de dirección, unha representación directa designada

Neste número da "Patria Galega" queremos traer aquí distintas posturas respecto da unidade do nacionalismo. Sentimos non poder reproducir integramente, por motivo de espazo, o documento dirixido por Esquerda Galega aos colectivos e partidos políticos integrantes do Fronte Nacionalista. O documento que aquí reproducimos, firmado conxuntamente por EG e máis o Grupo de Nacionalistas de Esquerda, ven ser unha síntese do devandito



unilateralmente por cada partido político que entra en contradición coa pertencencia e a militancia de xeito individual na nova organización. Nada se regula acerca da estrutura interna da nova organización, descoñecendo-se cales serán os seus organismos de base. Non se analiza con espírito crítico as diversas causas que fixeron necesario o surximento desta nova organización, presentándoa simplemente como unha idea boa e xenerosa de "alguén".

Convencidos de que se parte dun acordo e duns presupostos amañados de antemán polas cúpulas dos grupos presentes na Xestora Nacional, o proceso asambleario está viciado de antemán, sen que poida darse na práctica o debate e o contraste que coidamos imprescindible, se realmente se quere montar unha organización que superando erros do pasado, sexa capaz de xunir de xeito

real a todo o nacionalismo, para poder hexemonizar a vida política do noso País, dando resposta a multitude de conflitos e agresións que por ausencia dunha organización adecuada, están situando ás clases populares galegas na indefensión.

O noso colectivo seguirá pois empeñado por conquistar a Unidade real do nacionalismo, continuando aberto a calquera acción ou iniciativa tendente a lograr ese obxectivo.

A nosa retirada da Xestora Nacional, leva implícita a nosa non participación na convocatoria oficial da manifestación do 25 DE XULLO, DIA DA PATRIA GALEGA. Non obstante, manifestamos publicamente o noso apoio a ese acto de reivindicación nacionalista, no que participaremos os membros do colectivo.

Santiago de Compostela,
a 11 de Xullo de 1982

Comisión Xestora do Fronte

En resposta ao escrito de EG sobre a constitución dunha nova organización suprapartidaria da esquerda nacionalista, temos que puntualizar:

1.— EG fai unha exposición pormenorizada dun presunto "contido ideolóxico" ca nova organización, cando, até o de agora, tal contido non está concretado e só se concretará a través dun proceso de discusión aberta e democrática no que se inclúan todos os puntos de vista. O documento de EG constitúe unha falsificación da realidade tipicamente maniquea e pouco seria.

2.— Solpréndenos o radicalismo político e ideolóxico de EG, como falar dun Estado socialista galego, e desearíamos que a súa práctica pública aparecese tan clarificada como parece estar neste documento.

3.— Queremos reiterarlle unha vez máis a AG a nosa invitación a participar na Comisión Xestora e en todo o proceso constituinte da nova organización. Así EG tería ocasión de discutir as bases teóricas e prácticas da acción política da esquerda nacionalista, e tería ocasión de coñecer as liñas ideolóxicas dos nacionalistas que estamos a asumir a nova organización de maneira directa, e sen necesidade de facer presuncións irresponsábeis. Este convite falso extensivo a grupos que tamén rexeitado acompañarnos neste proceso democrático, Zona Aberta e Nacionalistas de Esquerda.

COMISION XESTORA

AN-PG, ERGA, Galicia Ceibe (OLN), PSG, UPG, Colectivo Libertario "Arco da Vella", Colectivos do Condado, Colectivos Independentes de Vigo, A Coruña e Santiago
Asamblea de Nacionalistas.

Esquerda Galega / Grupo Nacionalistas de Esquerda

Ante o chamamento pola "Unidade do Nacionalismo" feito polo Bloque-PSG e grupos afíns e con independencia de ter ou non recibido o convite de asistir á constitución dunha xestora para levar adiante este proceso, as organizacións abaixo firmantes manifestamos:

1.— O chamamento faise en torno a unhas bases políticas elaboradas só polas organizacións convocantes sen contar cos posibles convocados. Hai pois un eixo político acordado previamente que só pode ter a intencionalidade de presentar aos que non acepten estes presupostos ou a quen queira discutilos e precisalos, como contrarios á unidade do nacionalismo e incluso como non nacionalistas. Iste plantexamento de partida é o peor favor que se lle fode facer á unidade dos nacionalistas. Trátase, xa que logo, dunha operación para descalificar e non tanto para sentar as bases da unidade posíbel.

2.— As bases previas, que necesariamente teñen que ser admitidas para participar, por ambiguas que se presenten publicamente, son a plasmación da estratexia dun só dos sectores do nacionalismo de esquerdas. Isto supón de feito a exclusión inevitábel, do proxecto que se presenta, de quen non se sinta identificado con eses presupostos e inviabiliza calquer proxecto de unidade que non pode, nen poderá, construírse pola imposición dos principios de un dos sectores do nacionalismo sobre os do outro.

3.— Non queremos, de ningún xeito, poñer atrancos para que se reunifiquen aqueles, que sen discrepar coas liñas xerais do modelo político a potenciar en Galicia, estiveron separados estes últimos anos. Parécenos isto coherente cos chamamentos e as resolucións congresuais dos firmantes dos mesmos e vémo-lo como unha reformulación do vello, e para nos fracasado, modelo frentista que a ANPG representou deica hoxe, baixo unha estratexia —vella tamén— de enfrentamento frontal ao sistema establecido, plasmado na Constitución do 78 e no Estatuto de Autonomía. Tráta-se da reunificación, xa que logo, dos que, dentro do nacionalismo de esquerda, sustentan unha mesma estratexia. Pero este non é realmente o único nacionalismo que existe. Presentalo así sería un engano. Existe hoxe outro sector nacionalista amplo e operativo que ten vontade de construír a unidade posíbel entre as forzas nacionalistas galegas. Sector cuxa estratexia de transformación da sociedade galega e de conquista da soberanía nacional asenta-se na progresiva conquista da sociedade civil a través da autoorganización, non nun único fronte, propio de outras sociedades e outros contextos, senón dun xeito plural. Sector para quen a superación do marco político hoxe establecido ten que plantexarse no camiño de que o proxecto nacionalista e progresista se faga hexemónico social e politicamente no seo do pobo. Ninguén, en definitiva, ten patente de monopolio sobre o nacionalismo.

4.— Entendemos, en resúmen, que baixo dos presupostos

que se nos propoñen, non se pode formular nengunha unidade que non sexa referida a un conxunto de grupos que teñen unha estratexia común. Por outra banda, pensamos, que na situación actual o achegamento e a colaboración das diferentes estratexias do nacionalismo de esquerdas, aínda que necesaria, só é posíbel baixo un plantexamento aberto, baseado na unidade de acción en moitos campos, participando conxuntamente en tarefas que consideramos fundamentais: Construción dun sindicalismo nacional unificado, acción por unha normalización lingüística e cultural na nosa nación, potenciación de organizacións cidadáns, asunción conxunta de campañas en defensa de cuestións fundamentais para o país, concurrencia conxunta e determinadas confrontacións eleitorais..., e en todo aquilo que sexa posíbel e que non se faga baixo o prisma da superposición das estratexias políticas que cada quen sustentamos.

Por todas estas razóns e porque non consideramos positivo participar en nada que leve á confusión e ao desconcerto aos traballadores e traballadoras galegos, así como ao conxunto dos cidadáns, non nos é posíbel participar no proxecto frentista que se nos propón.

Facemos público este comunicado para coñecemento e clarificación diante da opinión pública.

GRUPO NACIONALISTA DE ESQUERDAS
ESQUERDA GALEGA

POLA UNIDADE REVOLUCIONARIA

X.L. MENDEZ FERRIN

Cando o PSG se opuxo radicalmente a que fose lido un comunicado dos presos de "Galicia Ceibe"-OLN na concentración final do Día da Patria Galega estaba a obxectivar unha contradición real que existe no seo da esquerda nacionalista. Cando Antón Bértolo, portavoz de "Galicia Ceibe"-OLN no 25 de Xullo, colleu na súa veterana man de loitador nacionalista esta contradición e a fixo pública, estaba a situar a nivel de masas un problema que só as masas poden resolver.

Formado no método marxista-leninista, o Bértolo pensou con acerto que ningunha discusión política, no proceso de construción da nova organización nacionalista, pode ser tratada só nas cúpulas partidarias e silenciada ás masas que están a pular dende as raíces da sociedade pola unidade revolucionaria.

Máis que nunca, o noso tempo esixe de nós claridade. Temos que saber que a unidade que estamos a construír con fe e con lucidez é unha unidade frentista: unha unidade de elementos diversos. Non somos todos uns. Desde 1984 o Partido Socialista Galego ven estando á nosa dereita. O Partido Socialista Galego non é comunista, non é independentista. Non embargantes, nós defendímonos desde sempre o principio de unidade de acción co Partido Socialista Galego. Temos defendido ese principio e témosto aplicado na práctica. Mesmamente en diversas etapas históricas, temos resgatado aos nosos irmáns socialistas da perguiza e máis da inoperancia a que o levaban algúns dos seus dirixentes, e témosto incorporado á actividade radical. Como onte, nós estamos pola converxencia histórica cos socialistas galegos. Orabén, endesamais imos permitir que os socialistas galegos, que son, con certos independentes, a dereita social do proceso unitario que estamos a erguer, se atribúan a hexemonía do movemento.

(Chegado a este punto coído que tería que explicar que cando digo "nós" estou a referirme á UPG até 1977 e ao PGP e "Galicia Ceibe"-OLN desde ese ano até hoxe.)

Os ataques que está a recibir a Xestora Nacional e máis o proceso frentista no seu conxunto son de moi variado signo. O españolismo atácanos porque ve na nosa unidade unha ameaza aos seus proxectos de lexitimación democrática da farsa autonómica. ¿"Galicia Ceibe" e o Bloque xuntos?, preguntáronse con sorpresa aqueles que diariamente se felicitaban a sí mesmos polas nosas diverxencias e procuraban por todos os medios agudizalas e encirralas. ¿A CSG e a INTG a confluír nunha nova Intersindical? ¿As Asociacións Culturais federadas nun vastísimo tecido de impensábel efectividade política? ¿Qué é o que está a pasar eiquí? Os españolistas do goberno, os traidores de Realidade Galega, os oficialistas do PCE-PCG e do PSOE non saen do seu asombro.

Como tampouco sae do seu asombro Camilo Nogueira. Como tampouco sae do seu asombro Pedro Luaces.

Camilo Nogueira e Pedro Luaces, que en etapas diferentes e de diferentes maneiras representaron unha liña burguesa e anticomunista no seo da UPG, son hoxe encarnación en Galicia do dereitismo eurocomunista, émulo dese Xudas vasco que é Mario Onaindía. Ambos, ou sexa Esquerda Galega, non aceitan unha organización frentista dos nacionalistas. Moita xente, moitos camaradas aínda dubidosos ou indecisos preguntáronse por qué, e a resposta évos ben sinxela. Esquerda Galega non acepta o integrarse nun fronte no que haxa comunistas porque presupón, e presupón moi ben, que eses comunistas endexamais permitirían que tal fronte se movera nunha dirección allea aos intereses do proletariado; isto é: na dirección do elitismo e da entrega ao réxime político dos monopolios e as súas diferentes armazóns institucionais.

Pois ben, se a enemizade de Esquerda Galega e de todo o españolismo é ben explicábel, para min é absolutamente inconcebíbel o por qué da retirada da ANG do proceso tan necesario de unidade dos nacionalistas. A Xestora do fronte non acepta as nosas propostas, din estes compañeiros. E isto non é en absoluto verdade, posto que a ANG non aportou á Xestora ningunha alternativa, nen política nen orgánica. As cúpulas dos partidos

teñen todo xa amañado, voltan a decidir os camaradas da ANG. E, unha vez máis, descoñecen a realidade de que "Galicia Ceibe"-OLN non pactou nada con ningunha forza política por tras ou á marxe da mesa da Xestora Nacional. Non hai posibilidades de discusión aberta, insisten os nosos amigos da ANG. E, non embargantes, Antón Bértolo demostrou o 25 de Xullo que a discusión está aberta, e este mesmo artigo meu é unha proba de que o debate existe e de que o debate é libre. Como tamén son unha demostración do mesmo as Asambleas rexionais do fronte que houbo e vai haber por todas as bisbarras da nosa terra onde, uns ou outros, estamos implantados.

¿Por qué os camaradas da ANG non intentan levar as súas teses políticas ás Asambleas rexionais e, finalmente, á Asamble Nacional que terá lugar en setembro? ¿Ou non se decatan os camaradas da ANG que toda a esquerda nacionalista xenúna está condenada a se entender alí onde todos actuamos, no terreo sindical, no campo veciñal, no fronte da cultura, no movemento agrario? Se os camaradas da ANG disintén da teoría ou da práctica de algunha das formacións que promovemos o fronte, leven embora esa disidencia ao seo das asambleas, á luz pública dos xornais, alí onde as ideas e os proxectos para a acción podan ser falados e discutidos.

Certamente nós non queremos unha organización para arrincarlle uns poucos votos ao pobo galego, e máis nada. Nós non queremos reproducir a nefasta experiencia pequenoburguesa, e finalmente frustrante, que foi aquela Unidade Galega que amañaron hai ben pouco tempo o PSG, Camilo Nogueira e o Partido Galeguista. Nós vemos unha vasta organización interclasista e plural, asamblearia e integrada, nitidamente socialista como o noso tempo esixe e desprazándose na dirección da emancipación total do noso pobo, ou sexa da independencia de Galicia que algún día conqueriremos todos xuntos.

Como Castelao deixou dito: "Non lles poñades chatas á obra antes de lle mirar o ramo de remate" e Viva Galicia independente e socialista.

Unha homenaxe da risa

A homenaxe que lle deron a don Juan de Borbón en Vilagarcía vai ficar na memoria dos que estiveron nela por moito tempo. E non pola importancia do acto ou do persoaxe. Non: a improvisación que presidiu o acto, o afán de protagonismo dos concelleiros, os mesmos concelleiros que o querían meter no xulgado non hai moito pola venda da illa de Cortegada... Son os persoeiros que nun momento dado, como fixo o parlamentario Vázquez Fouz, pretenderon que se levantara da súa cadeira a periodista compañeira de RNE Camino Adrio, para poder sentarse el e estar máis cerca do seu adourado pai do rei, deputados do PSOE antes republicanos e agora, sabe díos que.

Naturalmente, foron continuas as queixas de que lle tapábamos a vista os xornalistas aos demais.

Cando don Juan suportou ao alcalde de Vilagarcía pendurado da súa noca, xa que este, máis abaixo de estatua



non lle daba colocado a argolla da cadea ou cinta que ia prender da noca do pai do rei de España, moitos foron os que se botaron a rir de ver ao alcalde arousano na cómica situación, nun tempo que semellou interminábel para moitos. Unha compañeira xornalista non puido aguantar máis e marchou a mexar a súa risotada a algures que non sabemos onde foi.

O maior cachondeo de don Juan co pobo, foron os 100 quilos de sardiñas, 500 pesetas por preño en lonxa, cos que confidou ao pobo de Carril.

Ficou coa illa, segundo Pais Ferrin déronlle 300 millóns de pesetas, e con 500 pesetas en sardiñas pretendeu congraciarse co verdadeiro dono da terra doa gasallo ao seu pai, Alfonso XII. Iso si, prometeu vivir en Cortegada cando estea rematada a obra.

En suma, os chotes para os 25 xornalistas, que non pararon de rir en todo o tempo. Probiños, o que sofren algúns.

CONTRATE
AS FESTAS
COS
PROPIOS
MUSICOS

Orquestras
Conxuntos
Bandas
Atraccións
Gaiteros
Rock
Teatro...



Santiago 599898-599200
O Ferrol 327641
A Coruña 295714
Lugo 228114
Pontevedra 842207

Galiza tamén se atopa baixo a ameaza nuclear

XESUS CAMBRE MARINHO

Os povos das superpotencias e dos países desenvolvidos e ricos, viven hai tempo angustiaados polo medo da catástrofe nuclear. Por unha banda hai medo a que a carreira armamentista, impulsada con moito empeño polos Estados Unidos desde que Ronald Reagan chegou á Casa Branca, poida producir unha hecatombe xeral de maneira súbita. Pero tamén existe o temor, en certas áreas dos países industrializados, á contaminación radiactiva e outros riscos para a seguridade pública que se derivan das centrais de enerxía nuclear. O moi publicitado accidente que se produciu hai tres anos na central norteamericana de "Three Mile Island", e outros menos soados que teñen ocorrido en diversas partes, danlle razón e fundamento á crecente preocupación polo perigo atómico.

En data recente, dous prominentes científicos: Arnold S. Relman, director do prestixioso *The New England Journal of Medicine*, e Alexander Leaf, xefe do departamento de Medicina Preventiva da Universidade

de Harvard, veñen de recalcar, unha vez máis, o enorme risco que confronta a Humanidade. "A guerra nuclear - din- causaría morte e sufrimento nunha escala endexameis vista na Historia, e a medicina moderna, con todos os seus adiantos, podería facer pouco ou nada para axudar". Afirmar os citados científicos que a maioría dos médicos están convencidos de que a guerra nuclear é a meirande ameaza para a supervivencia que xamais enfrentou a Humanidade. Sería a "epidemia final", como din eles...

E posíbel que alguén poida pensar: qué ten que ver iso con Galiza? Hai quen coida que os problemas de contaminación radiactiva e as demais preocupacións polo perigo nuclear son cousas das grandes potencias, dos países ricos, e, en fin, das metrópolis imperialistas. E o xeito de pensar de que Galiza, esquecida no seu recuncho, afundida no subdesenvolvemento socioeconómico, marginada polos centros de decisión política, e alonxada das palancas do poder que moven o mundo, non ten nada que temer.

Sen dúbida que esa sería unha postura irreflexiva e insensata e xa non están os tempos para seguir mantendo

as maneiras da avestruz. Galiza, aínda que non se teña aproveitado das supostas vantaxes materiais da chamada "era atómica" (non se pode negar que o noso país se atopa nos niveis terceiro-mundistas), está sen embargo subxeta aos perigos do nuclear. Abonda con botar unha ollada a certos acontecementos recentes para decatarse de que iso é unha realidade moi actual en Galiza.

Primeiramente habería que se lembrar do proxecto nuclear de Xove, elaborado por un consorcio de empresas eléctricas encabezas por FENOSA. Co auxilio do imperialismo tecnolóxico norteamericano, o consorcio eléctrico español pretendeu instalar en Xove catro grupos xeradores de 900 Mw cada un, o que o convertía no máis ambicioso de todos cantos se proxectaran no Estado. Teñen pasado dez anos desde que foi parido ese monstruoso enxendro destinado a producir en Galiza electricidade de orixe nuclear que o noso país non necesitaba. O enxendro só se xustificaba polo afán de lucro das empresas capitalistas que pensaban exportar a electricidade sen reparar nos danos ecolóxicos que o proxecto nuclear poidera causar en Galiza. A

baixa demanda de electricidade causada pola crise económica estancou o proxecto de Xove, mais isto podería ser só un retraso. Pode ser que o fracaso de Lemóniz o intenten desquitarse en Xove.

Temos tamén diante das nosas costas o chamado "cimiterio atómico do Atlántico". Os países do Mercado Común, entre os que se destacan Inglaterra e os Países Baixos, fártanse de facer as descargas dos seus residuos de materiais radiactivos a poucos centos de millas de Galiza. Non hai dúbida de que esa práctica leva aparelado o perigo de contaminación do entorno marino e a difusión radiactiva polas correntes e o ciclo biolóxico. Mesmamente este verán informou a prensa que o barco británico "GEM" descargaría fronte ao litoral galego unhas 2.700 toneladas de materiais radiactivos, diante da protesta da organización ecologista internacional "Green Peace", aínda que a iso os centros de poder fanlle ben pouco caso.

Todo isto lévase facendo moitos anos, perante a total pasividade dos gobernos franquistas e postfranquistas. Sexa por desinterés no problema, falta de visión e decisión política, ou

por medo a plantarlles cara e indisporse cos gobernos do Mercado Común, os políticos da ditadura e os da democracia non se teñen enfrentado coa cuestión. O resultado para Galiza témoalo á vista: certos países desenvolvidos do norte de Europa seguen enchendo sen que ninguén os moleste, o basureiro atómico que fixeron fronte ás costas galegas. A cousa está clara por demais: De Madrid non se pode agardar nen defensa axeitada nen cousa boa para Galiza.

E xa, para findar, teñamos presente que diante de nós éruese outro perigo nuclear de cara ao futuro. O recente ingreso de España na OTAN, decidido contra vento e marea polo goberno presidido polo ucedista Calvo Sotelo, ven acrecentar o risco atómico para Galiza. Aos galegos poderálles importar pouco o despliegue estratéxico otánico ou os intereses da sacrosanta Alianza Atlántica, pero non sería raro que dentro de pouco tempo recalasen na ría do Ferrol os submarinos Trident coa súa profusión de cargas atómicas. E así, mal que nos pesen, Galiza tamén contribuirá á "defensa da civilización occidental" que ao que parece baséase na xeralización do terror nuclear.

Pola unidade e claridade necesarias

MARIO LOPEZ RICO

Ao fio dun artigo firmado por X.L. Méndez Ferrín no pasado número de A NOSA TERRA, e coa imposta demora polo lapso estival do semanario nacionalista, quero facer públicas algunhas das consideracións que me merece.

Cando o representante de Galicia Ceibe apareceu cun comunicado dos presos no intre mesmo da saída da manifestación do Día da Pátria, estaba-se obxectivando a incapacidade da súa organización para a práctica unitaria. A política de feitos consumados, de saltar no derradeiro momento os acordos de longas e demoradas sesións de traballo na Xestora -a última de aínda non había catro días-, é unha falta de respecto a todos os que, organizados ou non, estamos artellando o complicado entramado do nacionalismo de esquerda nunha nova organización unitaria que permita un salto cualitativo no camiño da liberación nacional e social do noso povo. O PSG non é quen para autorizar nen desautorizar algo que é competencia da Xestora, do mesmo xeito que tampouco pode facelo Galicia Ceibe.

A causa da liberdade dos patriotas galegos, da amnistía total para todos os presos por mor das súas ideas é asumida por todo o nacionalismo (remíto-me á intervención do representante do PSG na Praza de Galiza) e poño en dúbida que a súa utilización partidista sexa o mellor xeito de libéralos. A liberdade dos patriotas galegos é obxecto de luita para calquer galego minimamente democrata. Non creo que a intervención de A. Bértolo o 25 de xullo fose mui clarificadora para as masas, como pretende o noso amigo Ferrín, pois, dito sen mais, sen outros dados de contido e procedemento non deixa de ser un recurso demagógico.

A práctica da unidade, da concertación plural, é un duro exercicio democrático de longa aprendizaxe. Para os que, como os "pehexos", levamos moitos anos pulando arreo polo entendemento do nacionalismo galego, é algo que temos mui claro desde o ano 1963. E non todo son experiencias mais ou menos fallidas como UG (?); velai a Mesa de Forzas Políticas Galegas e a Coalición Bloque-PSG, na que as tensións e diferencias -non hai por qué negá-las- sempre se resolven pola vía do diálogo, da cesión mútua e do entendemento e camaradería no traballo de base. Esta confluencia do nacionalismo radical, socialista e comunista, foi posíbel grácias a aqueles que pensan que Galiza está por riba de todo. Confluencia que, por certo, puido ter-se producido. 2001 DO 17 AO 23 DE SETEMBRO/ 1982

cido no ano 1979 no momento en que o PSG convocou a todas as forzas nacionalistas para, cando menos, facer unha fronte electoral de unidade nacionalista. A incompreensiva negativa das forzas do Bloque a participar, reforzando a súa compoñente de esquerda deixou reducido o proxecto ao que foi Unidade Galega, coalición electoral na que colaborou a certo nivel o daquela PGP, chegando mesmo a obter algun concellal nas súas listas.

O noso amigo di que o PSG ven estando desde 1964 á súa dereita por non ser nen comunista nen independentista. O PSG defendeu desde sempre unha fórmula federal para o artellamento dos distintos povos do actual estado español no camiño dunha federación de povos ibéricos, a concretar-se na consecución dun estado propio para Galiza e o conseqüente pacto federal en pé de igualdade, cedendo ao estado federal as competencias que o povo galego en pleno exercicio da súa soberanía nacional quixese. Polo tanto, o Partido Socialista Galego non é independentista. Ora, habería que demostrar que a independencia pode garantir a integridade soberana da nación. ¿Quizais unha independencia semellante á que hoxe disfruta o Eire pode impedir que sexa mais que nunca unha neo-colonia inglesa pésie á súa independencia formal? Non sei que é o que ten que ver todo isto coa dereita ou a esquerda de GC.

No tocante ao comunismo, evidentemente o PSG non é un partido comunista, calificativo, por outra parte, que non é hoxe garantía de muito (vexa-se o PC). No seu Congreso do ano 1980, o noso partido que propugnamos, rexeita o clásico modelo m-1 de partido blanquista, de centralismo democrático, burocratizante, substitutorio das masas na acción revolucionaria, enfín, de partidos que deron boa mostra do que eran capaces de dar de si ao longo da historia do século XX. Non, non somos comunistas.

A práctica de esquerda hoxe en Galiza non consiste nun circense "aínda mais difícil" para abraio de contetúlos, nen para o deseño dun espectro político ao uso no que supoño que se o PSG e algúns independentes son a ala dereita (ao dicir sempre de X.L. Méndez Ferrín) GC aparecería, para manter un teórico equilibrio formal, como a ala esquerda. Habería que lle preguntar á UPG se acepta o papel de lastre ou corpo morto central de semellante aparello voador.

Nós non temos que abraiar a ninguén, nen construír alambicados esquemas. Abonda-nos con facer o que compe. Sabemos que é necesaria a

unidade do nacionalismo en Galiza, como o sabe o noso povo, e por iso traballamos a prol dela. Traballamos na construción dunha fronte ampla na que teñan cabida todos os nacionalistas que asuman os principios de que se dote na súa asamblea constituinte a un funcionamento aberto e democrático. Porque queremos unha organización ampla e participativa propugnamos unha estrutura assemblearia, limitando a intervención dos partidos como tais e primando a participación individual. Curiosamente a proposta organizativa de G.C. é a menos participativa e totalmente incapaz de recoller axeitadamente a pluralidade que hoxe participa no proceso, o que non deixa de ser chocante cando un se apresenta como inculdo pola manipulación das "cúpulas". A intencionalidade fica clara cando vemos que na súa proposta aparece o dereito para as organizacións políticas a designar directamente representantes en todos os órganos e a todos os niveis de decisión política da nova organización.

A práctica de esquerda ten mais que ver coa asistencia á marcha contra a OTAN de Ferrol (ulo GC?) que con impedir a goda costa que nos borradores de debate da Xestora aparecera o preciso termo *soberanía nacional* ou que o lema unitario do Día da Pátria Galega fose "Galiza nación fronte á Constitución", sabendo que a Constitución española de 1978 é instrumento legal de opresión e de explotación e que é tarefa primordial de calquer galego e democrata impedir a súa sacralización e promover a súa reforma ou substitución.

A práctica radical, a que permite o cambio, a superación do sistema, a práctica temida polo poder é a que traza a liña que separa os amigos dos inimigos; esa é a práctica de esquerda.

Unha derradeira reflexión, a xeito de pregunta, para aqueles que queiran matinar: ¿qué denominador común, qué interés coincidente hai entre "La Voz de Galicia" (artículos e notas de redacción, escritos de C.L. Rodríguez, etc.), Esquerda Galega (textos varios, declaracións dos seus directores á amável -con eles- prensa,...) e Galicia Ceibe (Dosinda Areses, carta dos presos ou o artigo que motiva o presente) en tentar de silenciar a presenza do PSG en todo o proceso unitario?

Modestamente, penso que é porque o PSG é un partido molesto, é dos partidos que axudan a trazar a liña; un partido que é un perigo real ou potencial para moitos inimigos da nosa Pátria.

Mas, como tituló Pirandello a súa obra sobre o equívoco "Cosi é se vi pare". Sigamos xogando o xogo da confusión. Pero non.

Quen perde os seus orixes,
perde a súa identidade

Arte
Popular
Galega

Fisco da Lira, S. e A. Carmona

IMPRENTA
FEITO

Dr. CADAVAL 29 (Galerías)
Telf. 22 10 29
VIGO

temas da nosa terra

Unha política nova

A participación no goberno das comunidades humanas que constitúe a esencia da política, sempre apareceu como relevante e de alta valía moral. No XIX europeo, cando a burguesía releva á nobreza na dirección política, empeza unha literatura de descrédito do quefacer político. A política é suxa, di, só para os especialistas; a xente de ben e os dedicados ao ben, compre que estean alonxados desa materia viscosa. ¿Non é isto un truco para apartar dun deber e dun dereito cidadán aos que poden comprometer a exclusividade de mando dos grupos oligárquicos?

No Estado, despois de 40 anos de mando único e de participación dixitada, volve a constituírse unha clase política que intenta copar o poder, que utiliza todo o aparato franquista herdado para o seu proveito exclusivo, e que atranca portas e fiestras para que as clases populares vexan imposible o acceso á participación política. Os froitos dese proceder están aí: loitas internas de clan, complicidades con elementos sectoriais chamados *podores fácticos*, desprestixio dos instrumentos de participación política dos partidos.

E hora de rachar os enganados que descalifican á política, a actividade máis alta e máis necesaria para que unha comunidade viva e avance. Pero a política de que falamos parte duns principios sólidos: empeza por respetar e por promover os dereitos da persoa e dos povos. Parte de cimentarse nunha convivencia de aceptación de principios básicos de respecto mútuo, no que se coñece como "unha ética civil común" ética de solidariedade, corresponsabilidade e mútuo aprecio.

E avanza esa política mediante a incitación non só á participación nas convocatorias xerais para postos de goberno, senón na creación de instancias comunitarias, na vigorización de respostas culturais, no rexeitamento de agresións á natureza, ás persoas, aos herdos nacionais, etc.

Toda política, se quere merecer un mínimo de respecto, ten que edifiarse no apoio ás liberdades, e para iso compre que se materialice en organismos nos que a liberdade sexa impulsada, garantida; mais como ningún é libre se a súa comunidade carece de liberdade, a loita política recaba a liberdade das comunidades, das nacións en concreto, sen a que toda instancia de boerno é opresora, toda forma de réxime é hipócrita e toda chamada ás urnas é pura demagogia.

O sábado e domingo pasados celebrouse na Coruña o acto constituinte do Fronte dos Nacionalistas galegos. Un milleiro de persoas votaron os principios de acción e algunhas leis organizativas para este Bloque Nacionalista. Os firmantes desta nova Forza política paréceme que van polo vello devandito cara unha nova forma de facer política. E os que non firmaron estando presentes, e os que non estiveron presentes, pero están atentos a este novo feito esperanzador, tamén participan nun intento necesario para liberar este país. Certo que non tomaron a saída cos firmantes, pero é logo o camiño, e poden collelo ao seu tempo. En todo caso, queremos afirmar a necesidade de organizacións unitarias para que o povo galego viva en liberdade e faga propio o seu destino, recupere a súa cabeza, como alguén dixo na clausura.

cartas

O BLOQUE CONTINUA

GALICIA CEIBE-OLN retirouse da Asamble Constituinte dunha organización frentista do nacionalismo, que tivo lugar no Frontón de Riazor (A Coruña) os días 25 e 26 de Setembro.

Conscientes da necesidade absoluta da unidade popular ante o colonialismo e a opresión, GC-OLN participou do primeiro intre no proceso enclavado por varias forzas políticas para constituir unha organización de carácter frentista, capaz de ofrecer unha alternativa unitaria para o nacionalismo de esquerdas.

A práctica desenvolvida por algunhas destas forzas nos últimos meses e na propia Asamble de Riazor, invalidan totalmente ese presunto carácter frentista do ente dalí emanado.

GC-OLN abandonou a Asamble na tarde do domingo, 26 de setembro, polas seguintes razóns:

1.— GC-OLN consideraba como principios irrenunciábeis para continuar na organización frentista:

a) A adopción dun nome que non se identificase con outros preexistentes. Isto, por entender que a nova organización non debería asumir na súa totalidade a historia de cada unha das formacións participantes no proceso, senón superar unha situación de división e de sectarismo como a dos últimos anos. O espírito da nova organización suporía unha alternativa nova, que significara un avance político para o povo de Galiza. Un nome de nova creación sería fundamental para que ningún se sentise manexado ou absorbido, ao tempo que ofrecería unha imaxe de renovación e de futuro.

b) A adopción dunha política rupturista co sistema, coas súas leis e coas súas institucións e, consecuentemente, a posta en práctica dunha liña electoral non entreguista e non colaboracionista co imperialismo.

2.— Apesar da vontade manifesta de partidos, colectivos e independentes distintos do BNPG, estes, anima-

dos do seu tradicional espírito de secta, e apoiados nunha montaxe tipicamente nazi, de entrega aos xefes, impuxeron o caduco e pouco agraciado nome de Bloque, eliminando, inda por riba, o calificativo de Popular.

3.— Inda que na xornada anterior, o Bloque rechazou de plano que o Fronte se definira pola independencia e o socialismo, outra enmenda presentada por GC-OLN correu mellor sorte, sendo votada favorablemente por unha maioría da asamble, deixando clara a vontade de ruptura democrática no programa político. A hora de concretar esa vontade, á hora de establecer unha política electoral consecutiva, entrou en contradición ao decidirse a plena participación nos procesos electorais sen condicionantes de ningún tipo.

GC-OLN ofrecera unha opción intermedia consistente en concorrer aos procesos electorais coa premisa de que os elixidos, de habelos, non pisarian o Parlamento nen o Parlamento de Estado.

4.— GC-OLN desconfiou sempre das verdadeiras intencións do Bloque ao presentar, de súpeto, unha faciana de certa racionalidade e de presunto abandono do seu característico sectarismo, pensando en salvar o tipo nas confrontacións electorais que se presentaran, procurando atraerse algúns grupos nacionalistas e dotarse dunha imaxe de unidade e de ampliación da oferta.

5.— Ante o acontecido na Asamble deste fin de semana, dubidamos que este fose o seu verdadeiro obxectivo, ao provocar o divisionismo —no curso do proceso xa se descolgara a ANG— e encerrarse en manter un nome tan desafortunado en materia de propaganda como o de Bloque.

Haberá que preguntarse se o que move aos dirixentes do Bloque, lonxe da defensa dos intereses populares, non será a súa propia subsistencia como pequenos popes dunha congregación, cuxos membros se caracterizan polo medo á liberdade.

GC-OLN seguirá no seu camiño cara a independencia e o socialismo, procurando sempre esa necesaria unida-

de do proletariado e das clases populares, para enfrentarse con éxito ás forzas do capital, do imperialismo e da reacción.

A Comisión Permanente de GALICIA CEIBE-OLN

A CERAMICA POPULAR

O concello do Grove ven de convocar o II Certame Galego das Artes Plásticas nas modalidades de escultura, pintura, cerámica e cerámica popular, no que poden participar todos os artistas residentes en Galiza.

O concello do Grove establece uns premios que van desde 150.000 e 100.000 pta. para as obras premiadas en escultura até un único premio de 25.000 pta. para a obra que "a xuízo do xurado represente mellor a tradición popular da cerámica galega". A cerámica a secas quedou algo mellor parada no Certame, e aínda se lle asignaron dous premios de 50.000 e 25.000 pta.

Eu quero preguntarlles aos señores que rixen o concello do Grove a qué ven ese desprezo pola cerámica popular. E quero dicirlles que un alfaiar de Buño, un cántaro de Ourense, etc. tamén será capaz, se a imaxinación lle axuda, de facer pezas de cerámica moi difíceis e bonitas, mentras que o contrario non adoita ocorrer. E tamén que entre as formas populares da cerámica, as que responderon a unhas necesidades do povo cunha estética aínda non superada e a cerámica actual, diferéncias hainas, pero non son precisamente de dificultade.

A min paréceme que hai que ser sérios á hora de convocar un concurso como este. Paréceme que convocalo deste xeito é seguir alimentando a idea de que a arte é unha cousa para minorías intelectuais, mentras que os artistas do povo quédanse en "probes artesanais". E paréceme tamén que isto axuda a que daqui a pouco non quede quen sepa facer unha cunca e que esas formas que son parte da nosa cultura haxa que as buscas nos museos se é que alguén se preocupou de recollelas.

MANUEL CAAMAÑO ANÓN

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora
Promocións Culturais Galegas, S.A.
Presidente do Consello de Administración

Francisco Carballo Carballo

Conselleiro-Delegado

Xoaquín Acosta Beiras

Director

Xosé Manuel Currás Rua

Redacción

Alfonso Eyré, Xan Carballa, Xosé Amador

Correspondentes e Colaboradores

Nacional: Xan Corbeira, Marco Breixo, Fernando Franco, Xesus Torres, Luis Muriel, A. Loureiro, P. Arrizado, X.A. Suárez, Furabolas, Antón Tremoedo, Suso Piñeiro, Emilio Romero.

Estado: Jordi Fortuny, Antón Fernández, Mugarra, Pablo Viz, Manoel Veiga, Xosé Lodeiro.

Domingo Prieto, Carlos Durán, A.P. Dasilva, X. Marín, Xosé Lois, Carlos Rodríguez Silvar, Ernesto Noceda, A. Ruas, Begoña Moa.

Fotografía

Santi Villar, Andrés, Tino Viz, Nivardo.

Redacción e Administración

Doutor Cadaval, 21, 2.º, of. 11. Apartado 1371. VIGO.

Teléfono (986) 22 24 05

Imprenta

Editorial Iparraquirre, S.A. Ibarsusi, 3 - Bilbao.

Depósito Legal: BI-1121-82

VDE. PODE TRABALLAR NA SUA CASA

GAÑE
9.600 ptas.
semanais

tricotando, sexa home ou muller.

Dámolse traballo asegurado
facilitámolse a máquina e
ensinámoslle de balde.

Visítenos.

Arzua, Nº 19 B.

(Detrás do Sanatorio

Sen-arís).

Tel. 58 11 25

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Quen perde os seus orixes,
perde a súa identidade



tabuleiro

Arte

Popular

Galega

Paseo da Dársena, 3. A Coruña

Xorner
DISCOTECA



praça de San Agustín, 10
Telf. 22 67 43
a coruña



TORREIRO, 11

A CORUÑA

Constituído o Bloque Nacionalista Galego

O día 26 quedou constituído na Coruña o Bloque Nacionalista Galego, frente interclasista que pretende acoller a todos os nacionalistas. Durante a tarde do 25 e o 26 máis de mil persoas discutiron os diversos aspectos ideolóxicos políticos que configuran esta nova organización, así como todo o referente á súa organización, simboloxía etc., aspectos que xa viñan sendo discutidos nas distintas localidades e zonas desde que empezou o proceso de constitución hai máis de seis meses. Pero os problemas que máis discusión desataron foron, sen dúbida, o do nome e o da concurrencia ou non aos procesos eleitorais (xa que nos outros aspectos sempre se encontrou unha posición de síntese entre as distintas tendencias), que motivaron que tanto Galicia Ceibe como o Colectivo Libertario Arco da Vella, non entrasen a formar parte desta organización.



Diversos assembleístas cambian impresións durante un descanso.

Xurxo Lobato

"Un paso adiante na política, vale máis que mil programas. Coido que acabamos de dar un paso de xigante na práctica política galega", dixo Xosé Manuel Beiras na alocución con que quedou rematada a Asamblea de constitución do Bloque Nacionalista Galego.

A nova organización tentará ser o máis *"ampla posíbel; para que o nacionalismo penetre no tecido social galego"*, polo que se criaron unhas estruturas *"abertas, democráticas, autónomas, áxiles, participativas, combinando todo isto cunha certa disciplina e eficacia para facela efectiva"*.

O BNG tratará de *"organizar a resistencia do pobo galego, pular o avance do nacionalismo e clarificar a situación política da nosa nación en todos os eidos posíbeis do traballo común"*.

Para isto propiciarán a unidade do sindicalismo nacionalista nunha única central, reforzar a introdución social en sectores como o labrego e o mariñeiro, principalmente, promover e potenciar calquera iniciativa de auto-organización das clases populares que non sexan contraditórias cos seus principios e combater o confucionismo político mediante a clarificación e identificación dos inimigos e dos perigos que está a correr o país.

PRINCIPIOS IDEOLÓXICO-POLÍTICOS

Os principios ideolóxico-políticos que configuran a organización son os de Galiza, *nación colonizada que ten dereito á súa autodeterminación. Tamén se pronuncia por un antimperialismo militante, pola paz mundial e o desarme.*

No tocante ao modelo social

ten como liñas directrices as seguintes:

O desenvolvemento sócio-económico capaz de romper a dependencia colonial da economía galega, o control e a nacionalización dos recursos fundamentais para o desenvolvemento da economía galega, desenvolvemento do sector agrario e pesqueiro, industrialización do país

Un aspecto da votación sobre o nome, o punto máis discutido. Xan Carballa



axeitada, conxugando os diversos sectores; unha política económica específica para os sectores en crise, reforma urbana e de ordenación do territorio; ensino en función dos intereses populares, normalización do idioma, control das inversións; ecoloxía...

Defínese pola superación do actual rexime político, pola amnistía dos presos nacionalistas, antifeixistas e sociais o BNG declárase antiautonomista e contra a Constitución española.

PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS

Os seus principios organizativos básicos son a democracia, carácter assembleario, pluralismo político, a garantía ás minorías de discrepar publicamente, a liberdade de expresión e a súa estrutura territorial.

Os organismos desta organización son a Asamblea Nacional, composta por todos os membros da organización, o Consello Nacional, onde estarán presentes os representantes dos partidos e grupos sectoriais (dous representantes para os partidos e un para os grupos, que terá sempre voz e voto en cuestións que lle afecten ao sector en cuestión), persoas eleixidas pola assemblea e polas distintas comarcas (cinco). Existirá tamén unha Permanente Nacional na que estarán presentes unha representación proporcional de todos os grupos que estean no Consello Nacional.

A nivel de comarca existirá a Asamblea Comarcal e o Consello Comarcal, implementándose logo os grupos de base nas distintas localidades ou cidades.

"CEDER O QUE HOUBO QUE CEDER POLA UNIDADE"

Como xa se dixo anteriormente, os puntos que máis discusión produciron, dentro dunha assemblea na que, como se afirmou en repetidas veces polas persoas que fixeron uso da palabra, *"todo o mundo cedeu no que tivo que ceder"* e na que existiu unha gran cordialidade, foron o de concorrer ou non ás eleccións, xa que Galicia Ceibe propugnaba que non se participase nas estatais e autonómicas e, de presentarse, que os candidatos fimasen un documento no que se comprometían a non pisar os respectivos parlamentos.

Acordouse por gran maioría tomar parte nas eleccións empezando o descontento de GC.

Pero sen dúbida o punto máis conflitivo foi o da denominación da nova organización, xa que, segundo se acordara pola xestora, sería eleixido na assemblea constituínte.

Nun principio presentáronse seis propostas, aínda que lo-

go a de Povo Unido se retirase.

Comezaron a defenderse as diversas propostas, Frente de Unidade Nacionalista, Galicia Unida, Bloque Nacionalista Galego, Frente Nacionalista Galego e Povo Galego Unido.

Nas distintas defensas puido comprobarse claramente que había dúas liñas diferenciadas. Mentras uns propiciaban o nome de Bloque Nacionalista Galego, dada a gran introdución xa da verba bloque, (UPG, ANPG e independentes achegados) as demais candidaturas, ademais de defender a súa proposta o que facían era rexeitar o nome de bloque polas súas claras connotacións anteriores, o que podía levar a moita xente a pensar que *"era todo igual que antes e non entrar na organización"*, o que era rebatido afirmando que *"que conta é a práctica que leve esta organización"* e que ali se puideron comprobar as verdadeiras intencións.

Ao final produciuse a votación, saíndo eleixido o nome de Bloque Nacionalista Galego, que acadou 529 votos, Frente de Unidade Nacionalista 142, Galicia Unida 103, Frente Nacionalista Galego 0 e 16 abstencións.

Despois disto, Galicia Ceibe comunicou que abandonaba a organización, momento en que unha parte do público aplaudiu, feito que foi recriminado por algun dos asistentes na súa intervención. Momentos despois abandonaría tamén a organización Arco da Vella *"até que se demostre que na práctica non hai erros pasados"*.

Xosé Manuel Beiras, na súa intervención final, afirmou que o contido programático desta organización, a súa estrutura e o desexo de unidade, *"faiños asumir o que haxa que asumir, até nomes"*, para rematar afirmando que *"dunha cousa estamos completamente seguros, de que venceremos nós"*.

